— O Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e empresas dependentes.

— Os artigos 50.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

— Os artigos 123.1.p) e 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO. Sen entrar noutras consideracións xa informadas polo titular da asesoría xurídica do Excmo. Concello de Lugo, conforme ao artigo 19 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades da presente Lei as actividades derivadas da administración do patrimonio persoal ou

familiar.

Esto é o que pretende a interesada segundo o teor da solicitude formulada por esta e rexistrada de entrada con data 25 de xaneiro de 2024, ao indicar que “a mercantil para cuxa administración se solicita a compatibilidade é unha ferramenta para administrar o patrimonio familiar” con encaixe no apartado a) do artigo 19 da LIPSAP.

A solicitante pode xestionar o seu patrimonio e administrar os seus bens sen que do teor literal do artigo 19 da LIPSAP se poida inferir que non sexa posible levar a cabo “esta forma de administración por medio de fórmulas tan amplas como calquera outro tipo de persoas xurídicas, así como de comunidades de bens” tal e como sinala o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data 19 de xullo de 2013 (EDJ 2013/170108).

CUARTO: Da interpretación conxunta, tanto da LIPSAP como da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, resulta que a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade debe dictarse no prazo de 2 meses (14 da LIPSAP) aínda que é cando transcorren 3 meses sen que se teña resolto e notificada cando se pode entender estimada.

CONCLUSIÓN

Enténdese á xuízo da informante, que procede o recoñecemento de compatibilidade de Dona Zoila Marina Sánchez Gómez para o exercicio das súas funcións como persoal eventual no posto de asistente secretaria do Grupo Municipal Popular no Excmo. Concello de Lugo, co posto de administradora única da mercantil “MENCIDE GESTIÓN SLU”, para a administración do seu patrimonio persoal ou familiar.”

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 51.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo, de referencia ao exercicio das funcións consultivas da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo establece que “*Así mesmo, o Alcalde, os membros da Xunta de Goberno, os órganos directivos municipais e dos organismos públicos, poderán consultar á Asesoría Xurídica sobre calquera cuestión xurídica relacionada cos asuntos da súa competencia, precisando os puntos que deben ser obxecto de asesoramento*”.

Así, con data 19 de outubro de 2023, en uso das funcións consultivas anteriormente reseñadas, a Xefa de Sección do Servizo de Persoal, coa conformidade do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos solicita informe xurídico da Asesoría Municipal relativo, entre outras cuestión, á solicitude de dona Zoida Marina Sánchez Gómez, persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo para o desenvolvemento dunha actividade privada e posto de administradora única da mercantil “Mencide Gestión S.L.U., cuxo obxecto social principal é o aluguer de bens inmoables por conta allea (CNAE 6820), aínda que se estende a outras múltiples actividades.

Segundo.- O Xefe da Asesoría Xurídica en data 16 de novembro de 2023 emite informe no que consta literalmente en relación coa solicitude de dona Zoila Marina Sánchez Gomez:

“O réxime de incompatibilidades do persoal eventual ao servizo da Administración Local en Galicia réxese principalmente pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e o Real Decreto 598/1985. Este réxime aplícase en función de se as actividades son compatibles ou non coa lexislación ditada para o conxunto dos funcionarios públicos. Ademais, o persoal eventual está suxeito ao réxime xeral dos funcionarios de carreira no que sexa adecuado á natureza da súa condición.

A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, establece que o persoal non pode compatibilizar as súas actividades co desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, a menos que se atope nos supostos previstos na mesma lei.

En canto ás actividades privadas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

O artigo 12 da lei establece unha serie de actividades que en ningún caso poderán ser exercidas polo persoal comprendido no ámbito de aplicación da lei e fóra destas, en calquera caso, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

O artigo 16 da lei establece unha serie de disposicións comúns que afectarían ás situacións de compatibilidade en función da contía e conceptos das retribucións complementarias e, en particular do complemento específico, que deberán ser tidas en conta á hora de valorar o caso concreto aínda que non resultarían de aplicación ao persoal eventual do Concello ao estar o seu salario establecido nunha cantidade anual fixa sen especificación de conceptos retributivos, tal e como se pode comprobar no acordo 2/349 da Xunta de Goberno Local do Concello de 26 de xuño de 2023 relativo á determinación, número e características do persoal eventual da corporación municipal 2023 así como nos diferentes Decretos individuais de nomeamento do persoal eventual.

Debemos indicar tamén que no citado Acordo 2/349 da Xunta de Goberno Local do Concello faise referencia no apartado dispositivo segundo ao réxime xurídico deste persoal eventual, sinalando nun dos seus apartados:

“- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes ou parcial, co horario determinado no decreto de nomeamento.

A contraposición entre a dedicación “exclusiva” e a tempo parcial fai pensar que a verdadeira intención do acordo era referirse a dedicación a xornada completa ou a tempo parcial, polo que non debería supoñer óbice á solicitude da compatibilidade nos casos en que legalmente proceda, sen prexuízo de que se deba rectificar tal expresión para evitar dúbidas interpretativas no futuro, máxime cando existen precedentes no Concello de autorización de compatibilidade en situacións de dedicacións similares.

Merece tamén especial mención o artigo 19 da lei citada no que se recollen unha serie de actividades exceptuadas do réxime de incompatibilidades.

3. En relación aos tres supostos particulares que se xuntan á solicitude de informe, e tendo en conta a documentación de que se dispón, semella en principio viable a compatibilidade das actividades indicadas dende o punto de vista legal.

No caso da solicitude formulada por dona Zoila Marina Sánchez Gómez, persoal eventual do Concello, e como xa declara a interesada no seu propio escrito, a súa condición de administradora dunha sociedade mercantil estaría no suposto previsto no apartado a) do artigo 19 da lei:

“a) Las derivadas de la administración del patrimonio personal o familiar, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 12 de la presente Ley”.

*En consecuencia trataríase **dunha actividade exceptuada no réxime de incompatibilidades**”.*

Terceiro.- Co relación ao órgano competente para o posible recoñecemento dunha actividade privada, o artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas dispón que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade, e a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade corresponde ao Pleno da corporación local.

Por todo o anteriormente exposto e visto o informe referenciado nos antecedentes no que por parte da Secretaria Xeral do Pleno conclúe proceder ao recoñecemento de compatibilidade solicitado, proponse para a súa aprobación polo Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Proceder á tramitación do expediente sobre a solicitude realizada por Dona Zoila Marina Sánchez Gómez de recoñecemento de compatibilidade para o exercicio das funcións como persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo no posto de Asistente Secretaria do Grupo Municipal Popular co desenvolvemento dunha actividade privada e posto de administradora única da mercantil “Mencide Gestión S.L.U., cuxo obxecto social principal é o aluguer de bens inmoables por conta allea (CNAE 6820), aínda que se estende a outras múltiples actividades, e a súa resolución con base ao indicado no informe emitido pola Secretaria do Pleno do Excmo. Concello de Lugo.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 19 de abril de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8148197305761954406.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-4-2024

Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** o recoñecemento de compatibilidade de DONA ZOILA MARINA SÁNCHEZ GÓMEZ para o exercicio das súas funcións como persoal eventual no posto de asistente secretaria do Grupo Municipal Popular no Excmo. Concello de Lugo, co posto de administradora única da mercantil “MENCIDE GESTIÓN SLU”, para a administración do seu patrimonio persoal ou familiar.

PROPOSICIÓNS

10/70 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 133/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMOSAR O REXEITAMENTO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI (Exp. 2024/G004/000256).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Exposición de motivos:

1. A Xunta de Galiza gobernada polo Partido Popular e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá uns fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

- Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

- Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

- Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.
- Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.
- Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.
- Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganar, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta proposición, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS**:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.
2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:
 - a) Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.
 - b) Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8148197305761954406.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-4-2024

c) O impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Instar ao goberno municipal a elaborar e presentar alegacións en tempo e forma contra o proxecto de Altri en Palas de Rei, polas afeccións que este causaría ao río Ulla e ao noso concello.

4. Instar ao goberno municipal a promover alegacións veciñais e pór a disposición da do conxunto da veciñanza modelos de alegación contra este proxecto.”

E visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, consistente en:

“Introducir antes dos puntos 1 e 2 dos acordos:

Ao terse constatado xa que non se trata dunha fábrica de fibras textís senón dunha macrocelulosa.

E eliminar os puntos 3 e 4 ao non ter unha causalidade directa sobre o Concello de Lugo.”

E tendo en conta que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición, acepta a emenda presentada.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	12	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupos Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** introducir na parte expositiva da proposición a expresión “**Ao terse constatado xa que non se trata dunha fábrica de fibras textís senón dunha macrocelulosa**”, así como adoptar os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

SEGUNDO.- Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:

- a) Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.
- b) Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.
- c) O impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxó.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas. Bo día. Primeiramente darlle a benvida a Ángeles por esta incorporación a esta corporación municipal e desexar o mellor durante os períodos que veñen.

Traemos esta proposición a respecto dun debate que está habendo agora a nivel social moi importante, que é a implantación, a posible implantación, dunha fábrica na Ulloa, unha fábrica, unha pasteira, unha fábrica de celulosa que, a pesar de todo o que se dixo, conclúese que todo foi unha gran mentira.

E imos comezar a falar un pouco da historia de todo isto e dalgúns datos. Primeiramente, imos irnos ao ano ou 2017, onde houbo ese fatídico incendio en Portugal, o incendio de Pedrogao Grande, onde chegaron a falecer incluso 64 persoas e que foron miles e miles de hectáreas queimadas.

Naquel momento Portugal decretou unha moratoria para os eucaliptos, ata o ano 2030. Nese momento, Altri, a empresa Altri, empresa portuguesa, tiña un problema. Estaba a deseñar unha estratexia de expansión e non podía seguir expandíndose por Portugal por falta de materia prima. Aí creou o chamado proxecto Gama, que tiña dúas prioridades, garantir o abastecemento de madeira de eucalipto, priorizando Galicia pola súa cercanía, e tamén, pois, incrementar o seu negocio en fibras téxtiles.

Ben, nese contexto, a Xunta de Galicia anunciaba no ano 2020 un proxecto que consistirá na produción de fibras téxtiles, de crear unha fábrica de fibras téxtiles, que en 2021 dá a coñecer unha alianza precisamente con esta empresa, coa empresa Altri, co fin de tratar de crear en Galicia unha factoría que podería producir ata 200.000 toneladas de fibras téxtiles, o cal suporía, primeiramente, miles de postos de traballo, e levaría adiante unha segunda produción no noso país, algo que de primeiras podería ser interesante.

No mes de febreiro do ano 2022, de feito, o propio Partido Popular, quen presenta unha iniciativa no pleno do Parlamento Galego, que é aprobada por unanimidade,

que consistía en apoiar a creación dunha fábrica de fibras téxtiles, e recalco o de fibras téxtiles unha vez máis na Marina e, no seu caso, no caso de que non puidese ser na Mariña, nalgún outro lugar da provincia de Lugo. Nun momento, ademais, no que estabamos a ter un país un problema serio da posible desindustrialización da Mariña de Lugo.

Isto seguiu avanzando, pero no mes de abril anúnciase que o proxecto non pode ser na Mariña... No mes de abril de 2022. Que se ten que desviar a Palas de Rei. Aí a cousa empeza a soar algo raro, non? Despois descubriuse de que non podía ser na Mariña por problemas da captación de auga que necesitaría para esa industria. Entón, aínda soaba máis raro o que estaba a acontecer.

Ben, no momento da solicitude coa adaptación, e xa nos imos a finais do ano 2023. Ímonos a épocas xa moi recentes, empezan a verse, xa que todo iso que se falaba de fibras téxtiles, pois empeza a caer, empézase a falar xa dunha pasteira, dunha nova pasteira, dunha celulosa, que ademais tería unha capacidade que triplicaría a produción de Ence. Falaríase de producir 400.000 toneladas de celulosa.

Estamos, pois, outra vez ante a instalación dunha industria de enclave, desaparece a industria de transformación, que podería dende logo deixar moitísimos máis postos de traballo e, dende logo, seguir a avanzar en que este país poidese transformar os produtos que produce.

Volvemos á industria de enclave. Iso si, solicitando para facer isto, pois 200 millóns de euros de fondos públicos.

200 millóns de euros de fondos públicos que irían destinados a unha fábrica que nun primeiro se falaba de miles de postos de traballo, posto que era de fibras téxtiles. Despois xa se pasou a 500 postos de traballo e agora moitos expertos falan de que pode ser pouco máis de 200, pero con 200 millóns de fondos públicos.

Que lle pregunten a calquera empresario o que podería... Os postos de traballo que podería crear con 200 millóns de euros públicos, porque custaría, estamos a falar de que custaría practicamente un millón de euros cada posto que se crearía.

Despois, claro, empezamos a mirar os impactos que tería isto e serían tremendismos. Falamos primeiramente do impacto territorial, unha fábrica tren veces Ence, tres veces Ence. O impacto socioeconómico nunha comarca que ten unha forte dependencia económica agrogandeira e do Camiño de Santiago, que falaríamos das grandes afeccións que vai ter sobre isto e do impacto sobre os recursos hídricos. Como se me está acabando o tempo, vou seguir despois.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Si, continuamos, moitas grazas, señora alcaldesa. Continuamos con Altri, unha nova fábula do Partido Popular. Outro conto imaxinario cheo de mentiras e, non polo que relatan, senón máis ben polo que calan. O clásico escurantismo, do que xa estamos acostumados sobre un proxecto que comezou sendo verde e agora está máis verde que nunca.

Contra isto o de sempre, dende o noso grupo, dende o Partido Socialista, este escurantismo paliámolo con datos e verdades que desmontan o que nos contan esas fábulas cheas de imaxinación do Partido Popular.

Efectivamente, trala traxedia xa mencionada aquí das vagas de lume de Portugal, viuse que esas plantacións intensivas de eucaliptos eran ou poderían ser causantes da inmensa proliferación e da extensión destes lumes, que ademais estaban aí tamén para surtir a esa industria papeleira, que foi penalizada en multitude de ocasións.

Agora o Partido Popular pretende agochar todo iso.

Por certo, na Ulloa, segundo os técnicos, que tamén o estudaron, non é unha zona referente destas plantacións. Por que se decide esa zona? Por que o Partido Popular escolle iso? Son preguntas que nos facemos.

En Portugal, como dicía, prohibiuse a plantación. Este feito foi o que fixo que Altri chamase ás portas do Partido Popular en Galicia e do goberno do Partido Popular. Porque, ante a carencia e inexistencia de plans industriais, dixeron, ou pensarían, que aquí é moi fácil.

Hai dous anos exactamente, o señor Feijoo e o señor Conde anunciaban a bombo e platillo un proxectazo tractor de fibras téxtiles sostíbles e unha planta de reciclaxe. Primeiro para a Mariña, traizón, e agora para Palas.

E esa planta, esa intención, estaba apadriñada por unha sociedade, Impulsa, para o investimento industrial, creada polo Partido Popular para captar fondos europeos. Non sei se iso o consideran vostedes un chiringuito ou non, do que ían aportar eses 850 millóns e crear 2.500 empregos.

E agora enterámonos que nanai. Nova mentira, engano colectivo, chámenlle como queiran. Estas artimañas entendemos que precisan dunha explicación, dunha aclaración urxente, polo escurantismo, porque están obrigados a contar a verdade e a ser transparentes.

Que agochan? Cál é o interese? Como acabou a campaña ao mellor agora xa ese proxecto tan verde ecosostíble, que ía xerar tanto xa non é tan necesario.

Ou é que é ten pouco de fibra sostíble e moito de pasta de papel? Teránnolo que explicar.

O goberno da Xunta ten a obriga e as competencias en industria, en xeración de emprego, en economía verde e en xeración de riqueza para o noso país, pero a non existencia, como xa dixeron, dese plan industrial e estratexias na materia, pois así nos vai. Galicia ten que industrializarse, de acordo aos seus recursos e necesidades, pero non desta maneira.

Dígannos se este proxecto está rodado, como dicía o señor Rueda, valga a redundancia, ou no aire. Débenselles algo? Por que din que vai a favor de Altri para investir na nosa terra e agora non sabemos o que se vai facer?

Entendendo e compartindo parte da proposición do grupo do Bloque Nacionalista Galego, dende o noso grupo propoñemos unha emenda, que consiste en introducir antes dos puntos 1 e 2 dos acordos que, ao terse constatado, xa que non se trata dunha fábrica de fibras téxtiles, senón dunha macrocelulosa, e eliminar os puntos 3 e 4 ao non ter causalidade directa sobre o Concello de Lugo.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Abelleira. Polo partido grupo Popular, o señor Ameijide.

- ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. A verdade é que complicado tratar este tema con seriedade cando se parte dunha mentira na primeira frase.

"A Xunta de Galicia promove". Miren, señor Arroxó, señora Abelleira. A Xunta de Galicia non promove absolutamente nada. É unha empresa privada a que promove esta iniciativa. Deberíamos saber ou falar cun pouco máis de coherencia, senón por esta regra de tres vostedes cada vez que aproban un edificio ou unha iniciativa empresarial nunha Xunta de goberno, promoverían todo nesta cidade. Falen cun pouco máis de rigor, que xa levan uns anos nos seus cargos, e con algo máis da responsabilidade. Igual no bipartito si que promovían algúns dos seus conselleiros, igual pola mañá dende a Consellaría e pola tarde desde os iates, Igual ese si que o promovían.

Pídlles rigor, porque na vida política, en moitas ocasións, non temos unha oportunidade coma esta, dun proxecto de 1.000 millóns de euros na nosa provincia. E estábano botando pola borda por capricho político. De feito, son os mesmos, os mesmos que hai preto de 50 anos, nos ano 79, precisamente son os que se apoñían contra Alcoa. Vostedes son os mesmos que dende Adegá, teledirixidos, propoñían alegacións ou intentaban boicotear Alcoa, que son os mesmos que agora se manifestan para salvala, curiosamente. Son os mesmos que estaban en contra da AP-9, e que agora circulan precisamente con coches oficiais por ela. Son os que lle chamaban á AP-9 a navallada, son os que están en contra de Inditex, son os que están en contra de Finsa.

Miren, vén unha industria nesta provincia de 1.000 millóns de euros e vostedes son o non polo non sen argumentos e con mentiras. Só con mentiras. Perderon as eleccións e non son capaces de asumilo. Tiveron que buscar unha pancarta ao que agarrarse para poder seguir. Pero quitaron a careta, neste caso a americana. A señora Pontón quitou a americana. E chegaron os coroneis da UPG de novo para marcar o ritmo do Bloque, contra todos os galegos e concretamente contra a provincia de Lugo. Mire, son uns manipuladores.

Puideron ir coñecer un proxecto destes en Portugal, pero non foron. Preferiron coller unha foto (ensina unha foto). Esta foto é a foto real. Cando pasou pola garras do Bloque Nacionalista Galego, pola factoría de mentiras do Bloque Nacionalista Galego, fixeron isto. Fixeron isto. Pero xa nos filtraron as seguintes fotos do Bloque Nacionalista Galego, que seguramente sexa esta a seguinte que saque Ana Pontón nun debate. (Ensina máis fotos) Seguramente sexa esta. E cando falen do río Ulla, ao mellor tamén sacan esta, porque esta é a calidade do debate que están tendo, tedes aquí.

Esta é unha burda mentira. É todo o que están facendo aquí. Mentir. Se non tiveron... Non leron nin a primeira liña deste proxecto. É o mesmo proxecto que se presentou hai varios anos e que vostedes todos votaron a favor en todas as institucións nas que estiveron. O propio Besteiro se reuniu cos responsables deste proxecto. Vostedes votaron a favor deste proxecto no Parlamento, na Deputación

provincial de Lugo e en todas as institucións nas que estaban. Levábano no programa electoral e agora están mentira tras mentira. Están manipulado, que maneira que teñen de entender a política. Están manipulando coa superficie que se ocupa. Están manipulando coa pantalla verde que vai rodear esta finca. Están manipulando coa afección ao río. Para nada ten que ver o consumo de auga do que están falando vostedes co consumo real. Fálase dun 3% do consumo de auga do caudal real da auga. E despois depúrae en condicións de total seguridade. Ou que pasa, que cando a depuradora de Lugo verte auga o río Miño teñen perigo os veciños do Corgo? Están dicindo que é perigoso para os veciños do Corgo estar... surcados pola auga do río Miño, que ten vertidos da cidade de Lugo? É perigoso? Pois isto sería exactamente o mesmo.

Están en contra de 2.000 postos de traballo indirectos e 500 postos de traballo directos. Están en contra de 4.000 postos durante a obra. Están en contra dun investimento de 1.000 millóns de euros. Están en contra de que se peche o círculo de produción do sector primario de Galicia. Vostedes están en contra de todo isto. Están en contra da sostibilidade, porque é unha presa que se autoabastece de enerxía eléctrica dentro do seu ciclo. Están en contra do liocel. Vostedes saben o que é o liocel. É isto. Isto é o que se vai producir alí. Un pouco máis de información. Os seus xefes reuníronse en numerosas ocasións. Deberían ter un pouco máis de seriedade con isto.

Miren, falan do Camiño de Santiago como unha mentira máis.

Está ata a 3 kilómetros do Camiño de Santiago, ningún tipo de afección ao Camiño de Santiago. Os técnicos dirano, pero dende o Partido Popular é que non podemos perder nin un minuto máis en desmontar as súas mentiras, porque son tan burdas que se caen polo seu propio peso.

Pedímoslles unha cousa. Responsabilidade. Deixen traballar aos técnicos e que informen os técnicos. E dicímoslle unha cousa, señor Arroxó. O que nos está pedindo hoxe neste pleno é que cometamos un delito neste salón de plenos.

Que prevariquemos. E se queren prevaricar, prevariquen vostedes, pero o que temos claro é que o punto 2 é pedir que o Concello de Lugo asine ou asuma unha prevaricación.

E iso dende o Partido Popular non o imos apoiar nunca. Se vostedes queren prevaricar e se vostedes entenden a prevaricación como unha forma de xestionar os gobernos, con nós non contan. Medo me dá o que pasa cos proxectos que chegan ao Concello de Lugo. Se son dous amigos, gústanos, e senón informemos en contra, porque no punto 2, o que vote a favor dese punto dous, na práctica está pedindo que se vote ou que se paralice un informe cumpra ou non cumpra a lei. E iso é pre-va-ri-car.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra novamente o voceiro do Bloque Nacionalista, o señor Rubén Arroxó.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. O Partido Popular podía defender isto de moitas formas, o que non agardaba é que o fixese, dunha forma, mesturando un

magufismo trumpista cun cuñadismo tipo Jiménez Losantos, que foi unha simbiose absoluta a respecto disto.

Ben, é que se dixeron tantas barbaridades neste momento. Imos seguir falando de cuestións técnicas. Por certo, foi unha mágoa. Hai dous días houbo unha interesantísima exposición na universidade, exposta por expertos profesores da Universidade, todo con criterios científicos. Non había ningún membro do Partido Popular. Foi unha mágoa porque se podería ter aprendido moito.

Falamos da auga. Ben, falamos da auga. É curioso que precisamente esta fábrica, que vai captar 46 millóns de litros de auga do río Ulla ao día, máis que o resto da provincia de Lugo no seu conxunto. Por iso non puido ir á Mariña, por iso tivo que ir buscar outro sitio. E vai devolver 30 millóns de litros ao día de auga ao río. É curioso que cheguen dicir... A barbaridade máis grande que cheguen a dicir é que lle van facer un favor ao río Ulla, porque van limpar a auga e a van entregar moito máis limpa.

Van limpar a auga. Supoño que lle molestarán as bacterias que ten a auga, as algas, as larvas de animais. Entón vana limpar e vana volver botar ao río, que vai saír moito máis limpa.

Se sae moito máis limpa, digo eu, por que non reutilizan como tantas fábricas? Por que a volven tirar ao río, poderían ter un proceso circular. Hai fábricas que o teñen. Esta non. Tíraa ao río.

Por que? Porque non é posible. Porque non sae máis limpa. Non, non. Non sae máis limpa. Sae, de feito, con bastantes contaminantes químicos que van botar ao río e que vai afectar, de feito, á ría máis produtiva do mundo, que é a ría de Arousa e a todo o río.

Vai afectar a toda a economía agrogandeira que hai no entorno. Porque precisamente se leva tempo falando do nivel de nitratos que ten o encoro de Portodemouros, acusando precisamente á gandeiría. E que nivel vai ter cando se lle instale a saída dos nitratos da propia fábrica. En que situación vai estar?

En que a situación vai estar o Camiño de Santiago? Por certo, un catedrático de Análise Xeográfica da USC, como é Rubén Lois, advertía de que, ademais cun informe moi rigoroso, do risco real da perda do título de Patrimonio da Humanidade do Camiño de Santiago Francés e do Camiño Primitivo. Risco Real. Un catedrático, que supoño que saberá bastante máis destas cousas que calquera das persoas que usamos aquí. Outra científica, experta, que foi pregoeira neste San Froilán, como Sonia Villapol, tamén advertía dos problemas de enfermidades que vai causar a emisión de gases desta fábrica, que incluso van chegar á cidade de Lugo. Problemas moi graves, porque estamos a falar precisamente dunha pasteira e que vai seguir contaminando o aire. Seguramente saiba tamén bastante máis que calquera das persoas que estamos aquí. Pero que é o que é real? Como un proxecto así se pode aceptar realmente? A ver, acéptase realmente porque detrás disto está Greenalia. En Greenalia sabemos quen está. Beatriz Mato, Antonio Couceiro, excargos do Partido Popular, que son precisamente quen están esixindo que este proxecto xa leve adiante.

Estes si que son datos reais e non as consignas magufas trumpistas que se acaban de escoitar.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a portavoz do Grupo Socialista Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Grazas. Pois si, efectivamente, ten que sacar debuxos animados e difamacións para que crea que o van crer. Mire, Altri non lle é un proxecto privado. Se realmente o fose non pediría asistencia do goberno galego e ademais non o tratarían como un plan estratéxico do que fala o señor Rueda, presidente do Goberno de Galicia. Seguimos na falta de política industrial da Xunta, que deixou de executar os 60% dos fondos de recuperación asignados a Galicia, só executou 630 de 1.545.

O escurantismo, vólvelle dicir, o conformismo, o *si wuana* do señor Rueda, o escapar de dar explicacións, xera incertidume, medo e temor, porque non nos están dicindo a verdade.

Non se dan as explicacións necesarias que os galegos e galegas merecemos. Van xerar 4.000 empregos, como nalgún momento dixo o señor Feijóo, ou serán 2.500, ou 800, ou 200, ou ningún?

Executan só 630 millóns de euros, que podían ter máis de 1.500. Iso é o que lles interesa á industria ao Partido Popular? Nos últimos 15 anos, o Partido Popular e a Comunidade Autónoma perdeu 11.000 firmas de empresas, empresariais e industriais que podían terse asentado aquí. Con moitísimos postos de traballo.

Ademais de eliminar a R, a Unión Fenosa, a Fandicosta, Antulo, Pescanova, Albo... Perdas imprescindibles e irrecuperables.

Por todo isto, e máis sobre todo polo que nos agochan deben dar explicacións.

Este grupo defende a industrialización e a xeración de riqueza, o emprego, pero sempre no estricto cumprimento das normas medioambientais e das condicións medioambientais.

Polo tanto, non nos imos seguir creando os seus contos. Non queremos vivir na fábula que vostedes pretenden que esteamos. Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Arroxó, o que nos pide é que confiemos nas palabras de supostos científicos e supostos expertos que, casualmente, foron algún deles altos cargos, altos cargos algúns deles, deses que acaba de citar, do Bloque Nacionalista Galego en distintos gobernos. Esa é a independencia que teñen moitos deles

Mire, o señor Arroxó non é capaz de terminar unha intervención sen mentir, porque falaba de que neste proceso non se recircula a auga e é unha mentira. Vostedes saben que se recircula a auga, precisamente, porque se capta do río Ulla, emprégase, depúrase... Igual que se fai no Concello de Lugo, e vértese ao río. E vértese a auga arriba, de onde se capta, e vólvese utilizar a mesma auga. Debería sabelo, pero claro, como non pasou do titular nin do argumentario que lle deron no Bloque, pois probablemente non coñece nada máis do proxecto.

Señora Abelleira, porque teña fondos públicos ou porque opte a fondos públicos europeos, que por certo reparte o Ministerio, non reparte a Xunta de Galicia, isto non é un proxecto público. Vostede debería sabelo. Por esa regra de tres, calquera proxecto que reciba unha subvención do Concello, da Deputación, da Xunta... Sería unha empresa pública. Entón un pouquiño de seriedade, un pouco de rigor., que xa leva un tempo nisto. Deberían falar cun pouquiño máis de rigor e coñecemento cando tratamos dun proxecto desta envergadura.

E vólvoles repetir, e apelo á responsabilidade e seriedade do PSOE, que eu creo que algo lles queda. Hoxe, o que nos están pedindo aquí é que comezamos un delito. Votar en contra ou impedir unha iniciativa empresarial que cumpra con toda a normativa. Iso é prevaricar. E iso é o que se pide no punto 2. Por iso, dende o Partido Popular dicimos e diremos ata a saciedade que traballen os técnicos. Están no traballo no que teñen que informar aos técnicos da Xunta. Ou non se fían dos técnicos, dos funcionarios, da Xunta de Galicia? Que informen. E cando informen, se o proxecto cumpre, apoiémolo todos. E se non cumpre, non se vai facer. O punto dous o que pide é que se pare, informen o que informen ou cumpra ou non cumpra a lei. E iso. Iso é un delito. E as persoas que cometen un delito terminan [...]. E nós non imos ser cómplices dunha prevaricación neste salón de plenos.

De feito, esta é unha realidade tan grande que onte no Concello de Santiago, o Bloque Nacionalista Galego e o seu partido, o Partido Socialista, pediron que se retirase esta moción, porque sabían que se estaba cometendo un delito.

Señor Arroxo, retirárona onte de Santiago. Ten a oportunidade agora de retirala, porque estamos pedindo a toda esta corporación que prevariquemos. E dende o Partido Popular non imos prevaricar.

Que traballen os técnicos, que informen, e se o proxecto cumpre, apoiémolo todos. E se non cumpre, xa non se vai facer. Nós confiamos na lei. Vostedes queren facer as leis. Esa é a diferenza, esa é a diferenza entre o Partido Popular, que respecta as leis, e vostedes que as queren facer a medida. E con nós non contan nesta prevaricación.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Arroxo.

- RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: É que se descoñece totalmente o proxecto coas cousas que se din ou se minten. Unha de dúas. Absórbense 46 millóns de litros de auga ao día. Gástanse 16 e devólvense 30. Non hai recirculación, non existe, vólvese tirar ao río.

Por certo, vólvese tirar nunha zona río arriba, nunha zona de especial protección, porque ademais alí hai cría de mexillón. Parécenos moi ben ademais cando a Xunta defende a existencia de mexillóns en determinados sitios ante determinados usos. Esperemos que teña o mesmo criterio sempre. Esperemos que teña o mesmo criterio sempre.

Outra cuestión, fálase incluso de que se vai utilizar o eucalipto sobrante. Sabemos canto eucalipto se exporta... 0,7 millóns expórtase. Iso vai consumir 2 millóns. Ese é outro dato que se utiliza falso, porque se exporta 0,7 millóns, que se seguirá

exportando unha parte. Isto precisa 2 millóns. Polo tanto, que vai supoñer isto? Unha regra e tres moi simple. Máis plantación de eucalipto. Non hai outra alternativa. Por certo, para finalizar, aceptamos a enmenda do Partido Socialista, porque efectivamente os puntos 3 e 4 neste momento xa son extemporáneos con respecto a cando se presentou...

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Arroxo. Esa defensa encendida e encarnizada que acaba de facer o señor Ameijide, si que nos trasluce o que está ocorrendo. Creo que está poñendo enriba da mesa o que está ocorrendo. E hoxe o señor Ameijide non é máis ca un voceiro dun grupo municipal, pero do Partido Popular e do goberno do señor Rueda, ao final, porque é o que está tratando iso.

Esa defensa encendida, incluso ameazante, porque está amenazando, señor Ameijide. Falando de delitos. Eu creo que non sabe moi ben o que... Recordoume tamén quería, un pouco para relaxar, recordoume a un empregado municipal desta casa que, cando eu sendo concelleira de Persoal lle dixen que tiña que poñer a funda para traballar, díxome: "é que se poño a funda, prevarico". Quedei tola. E dixen: "Ti pon a funda, que xa da prevaricación me encargo eu". Pois acaba de recordarme o mesmo. Ademais, esa defensa encendida, ameazante, coaccionante, intentando coaccionar aos concelleiros. Nós sabemos o que é prevaricar. Parece que vostede non o sabe, parece que vostede non ten eses coñecementos xurídicos, que tampouco ten por que telos, pero o que si é desde logo abraiante escoitar esa ameaza e ese ton que acaba de utilizar, que está demostrando como se está forxando aquí esa defensa por parte da Xunta de Galicia do Goberno do señor Rueda e de todos os voceiros do Partido Popular.

Algún interese ten que haber, algún interese ten que haber, porque o que está claro é que aquí non hai transparencia. Deuse todo tipo de información contraditoria. O que dicían un día, ao día seguinte non era... É lóxico que a xente teña medo a este tipo de industrias, porque o que está claro é que este goberno de Lugo, o que si quere é a industrialización, por suposto, e mellorar. Crear riqueza, pero non queremos este tipo de empresas.

Non queremos celulosas. Iso témolo claro. E precisamente o que conseguiron foi levantar a media Galicia, como se levantou, por exemplo, na vila onde eu nacíon no ano 76, en Ponteceso. E grazas a iso non temos hoxe unha celulosa, porque foi a primeira manifestación democrática que houbo en Galicia, no ano 76. E grazas a iso, a ría Corme, Laxe e Malpica non ten unha celulosa, e así se está levantando Galicia, precisamente porque a forma que teñen de expoñelo, con ese ímpetu de cada día cambiando os datos, non sabemos.

Hoxe falou vostede de 2.000 postos de traballo. Eu xa oín de todo, xa non sei que crer. Apuntei aquí: 2.000 postos de traballo... Ah, entendínlle 2.000, porque eu o apuntei cando eu... E ademais entrecomiñei para saber que era tal...

Non sabemos. 2.500, 500, 200... Xa oímos de todo. Unha falta de transparencia absoluta, unha implicación absoluta para ocultar datos. Vostede está demostrando aquí neste momento. O que non podemos é mentir e defender. Haberá que esperar, como vostede di, a eses informes. Pero vostede acaba de acusar aquí de

mentir, de prevaricar, a concelleiros desta corporación, ese interese algo esconde, ou polo menos eu o vexo así. O que temos que evitar é que Galicia se converta nun deserto medioambiental, señor Ameijide.

Imos votar, porque creo que quedou todo bastante ben explicado.

11/71 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 159/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APERTURA DE APARCADOIROS EN EDIFICIOS DEPENDENTES DA XUNTA DE GALIZA (Exp. 2024/G004/000285).- - Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lugo é exemplo de como as institucións poden poñer á disposición das veciñas e veciños as infraestruturas públicas. A apertura ao público, polas tardes, do aparcadoiro do Seminario, espazo que pasou de estar reservado a persoal do Concello a ser accesible para toda a veciñanza abre un camiño que ten que prolongarse para optimizar os recursos públicos dos que dispoñemos para mellorar a mobilidade de lucenses e visitantes.

Ademais deste espazo de titularidade municipal existen outros espazos xestionados pola Xunta de Galiza que poderían ampliar a capacidade de estacionamento na contorna do centro da cidade, sumando estes novos espazos ao aparcadoiro do Concello situado no antigo edificio do Seminario e aos creados nas remodelacións do tráfico na contorna do centro, beneficiaríase o acceso das veciñas e veciños a esta zona da cidade.

É positivo para a cidade que se incremente o número de prazas de aparcadoiro na zona do parque e da Avenida Ramón Ferreiro aproveitando os aparcadoiros do IES Virxe do Ollos Grandes, Lucus Augusti e da Facultade de Formación do Profesorado. Na actualidade estas prazas están reservadas durante as 24 horas para vehículos autorizados e non son accesibles para o público xeral. Abríndoas polas tardes, no horario no que non afecten ao uso educativo dos distintos espazos, optimizaríase o espazo público para o estacionamento de vehículos, e garantiríase máis capacidade de estacionamento na contorna do centro.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos o seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a abrir os aparcadoiros dos IES Virxe do Ollos Grandes e Lucus Augusti e da Facultade de Formación do Profesorado en horario de tarde.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, maioría simple,
ACORDA:

Instar á Xunta de Galiza a abrir os aparcadoiros dos IES Virxe do Ollos Grandes e Lucus Augusti e da Facultade de Formación do Profesorado en horario de tarde.

DELIBERACIÓN

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao voceiro do grupo do Bloque Nacionalista Galego, don Alexandre Penas.

-**ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moi ben, moitas grazas, alcaldesa. Bos días a todos e a todas, benvida, Ángeles a esta corporación. Benvida tamén ao goberno municipal de Lugo.

Pois temos unha proposición, que basicamente o único punto da orde do día é promover a apertura á cidadanía dos aparcadoiros do IES Lucus Augusti, o IES A Nosa Señora dos Ollos Grandes e do aparcadoiro onde está tamén ao anexa [...] e a Facultade de Formación de Profesorado.

Como argumentamos xa no corpo da proposición, pois temos uns antecedentes na cidade de Lugo, no que é na apertura de aparcamentos e institucións públicas, como é neste mesmo concello, no que o aparcamento do que se chama o antigo edificio do Seminario, na rúa Anxo López Pérez, que cubriu o Concello de Lugo en horario non de mañá, onde están a maioría dos traballadores, que obrigou polas tardes o fin de semana un éxito, digamos, constatado, moi utilizado e que vén moi ben, digamos, para a mobilidade da cidade en xeral. Estas prazas tamén se suman cando se fixo o que é a peonalización da Mosqueira, pois no que foron os cambios de tráfico.

É certo que busca uns cambios moi importantes, pero eses cambios ao cambiar tamén de sentido, e en sentido único algunha rúa, pois tamén sinalaron bastantes prazas e esa parte da cidade, témola cuberta, pero desde logo consideramos que é un modelo de éxito que é necesario aumentalas tendo ademais a oportunidade, porque xa existen eses aparcamentos.

Temos tamén a maiores, dentro de esperemos que pouco tempo, pois outro aparcamento que está promovendo o que é a Deputación Provincial, no que é o central, que tamén será público, que estaba tamén vetado e usando só para os traballadores e que agora se está traballando para abrillo para todos os os cidadáns. Polo tanto, nun contexto, digamos, tamén de cambio de mobilidade, tanto a nivel local, tamén a nivel europeo e a nivel mundial, e coas obras que estamos tendo agora tamén polo tema de... No centro polo pola zona de baixas emisións. Pois que é algo que sumaría, digamos, apoiaría, digamos, ese tipo de mobilidade e que creo

que temos que traballar todos e conseguir unha cidade máis humana, máis peonil, onde os espazos se poidan utilizar.

E, dende logo, hai que utilizar tamén o vehículo privado en moitas ocasións, porque é necesario e temos que aproveitar, co maior rigor posible, que economicamente sexa viable o espazo que xa temos como son eses que dependen da Xunta de Galicia.

Pois simplemente é este tipo de moción, polo que lles pido que á corporación, pois que apoién esta proposición porque consideramos que é bo para a cidade, que é bo para Lugo e que é un problema simplemente de xestión e de organización, que dende logo será solventado. Moitas grazas.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do grupo socialista, Jorge Bustos.

-JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señora alcaldesa. Dende o Partido Socialista levamos tempo reivindicando que a Xunta poña a disposición da veciñanza os aparcadoiros das instalacións públicas durante as tardes da fin de semana. Aínda non sabemos que [...] suceso impide.

Cómpre lembrar a existencia dun acordo plenario do pasado mandato para as aperturas dos aparcadoiros nas diferentes administracións públicas do municipio. Fóra do horario laboral. Un compromiso que a Xunta, polo menos en Lugo, de momento non cumpriu. Por un lado, a Deputación habilitou 165 prazas no antigo Fogar de Santa María, investindo cartos na renovación deste espazo para abrir aos cidadáns con todas as garantías.

Por outra banda, o Concello, dende o ano 2015, habilitou case un milleiro de prazas de aparcadoiro de balde coa posta en marcha de estacionamentos disuasorios, distribuídos por distintas zonas da cidade. Abriuse aparcadoiro das Oficinas Municipais do Antigo Seminario, como dixo o meu compañeiro Alejandro, Álex. E repitámonos espazos municipais e rúas, optimizamos aparcamentos. E ademais habilitamos parcelas para dispoñer de 340 prazas de aparcadoiro nas inmediacións dos complexos hospitalarios.

Polo tanto, nós instamos á Xunta a seguir os mesmos pasos que o Concello e a Deputación, que é cumprir ese acordo plenario.

Ademais non é tan difícil, porque só teñen que abrir as instalacións públicas como son os aparcadoiros dos centros educativos e do propio edificio multiusos da rolda da Muralla. Por que? Pois deume por buscar, estaba ocioso, e deume por buscar a folia catastral do Edificio Multiusos da Xunta. E para sorpresa de todos nós conta con dúas plantas de aparcadoiro, as cales son arredor de 4.500 metros cadrados de superficie por planta, que, quitando os servizos e as reservas dotacionais que teñen que manter, a unha superficie de 12,5 metros cadrados, que é unha praza de aparcadoiro.... Pois eu creo que daríamos bastante servizos aos veciños e veciñas na cidade a que se puidese abrir polo menos unha planta.

Querer é poder. E nós queremos dar servizo aos lucenses e habilitamos novas prazas de aparcadoiro. Fixémolo. A Deputación quería dar servizo e habilitou novas

prazas de aparcadoiro. Vós de momento estades a propoñer e prometer cousas, pero non vexo que apliqueades as vosas competencias ao servizo da cidadanía. Por tanto, sen máis, moitas grazas.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, señora Elena Candia.

Pois moi bo día a todos. Eu tamén me subo á benvida e os mellores desexos á nova concelleira.

Ben, despois de falar de emprego, creo que un asunto importantísimo para Lugo e para a súa provincia, imos falar doutro asunto tamén importantísimo, que é a mobilidade da nosa cidade.

Que este goberno suspende en mobilidade non o di o Partido Popular. Se vostedes non escoitan á cidadanía, pois, efectivamente, terán un problema.

Podería apuntar o desacertado itinerario do carril bici, podería apuntar esas peonizacións que presumen constantemente que quedan con este resultado. Titular, a calzada da ponte, unha rúa peonil que se converteu nun gran aparcamento de coches.

Podería apuntar a reiteradas caídas, cos conseguintes danos persoais e económicos que están a sufrir os veciños da nosa cidade, especialmente os de maior idade.

E todo iso nunha área na que ninguén discute que a competencia é exclusivamente municipal. A regulación do tráfico e a habilitación do espazo. É difícil acertar, verdade? É difícil acertar cando nin sequera vostedes, despois de escoitar, se poñen de acordo. O compañeiro, Alex ou Alejandro, non sei como quere que se lle chame, dicía que a Deputación habilitará o CENTRAD porque acertadamente sabe que está sen habilitar.

E o voceiro do Partido Socialista poñíao no haber de prazas conseguidas por parte dunha xestión do goberno.

Iso é a realidade, que non saben na maior parte das veces nin a realidade dos asuntos que están a tratar.

Pero é que ademais é unha gravidade, porque o señor voceiro do Partido Socialista, apunta, como unha idea que sería parte da solución, a unha apertura que nin sequera está relacionada na moción.

Entón, partindo desta realidade caquiana, que reflicte moi pouco compromiso coa cidadanía e moi pouco traballo, imos analizar o asunto en cuestión.

En primeiro lugar eu quero poñer en valor o traballo da Asociación de Veciños do Parque de Recatelo, que foron realmente os que trouxeron a todos os grupos políticos esta proposta.

Vostedes saber, porque así ademais nolo trasladaron eles, que tiñan a información e o compormiso deste grupo de traballar nesta idea, nunha que lles trasladamos o día 30 de marzo.

Pero foron tan ousados na redacción ou, digamos, tan preguiceiros, que nin sequera se tomar unha molestia nin de falalo con eles e, o que me parece máis grave, nin de trasladarlllo aos afectados, que son, sen dúbida, a comunidade educativa dos tres centros.

Partindo da base de que asumimos ese compromiso e que o mantemos, presentámoslle unha enmenda, unha emenda que vén, evidentemente, co mesmo obxectivo, que se habiliten máis prazas de aparcamento. Porque, indubidablemente, é unha necesidade alarmante na nosa cidade. De feito, hoxe protagoniza dunha maneira moi clara o pleno desta por iniciativa do grupo do Partido Popular e, por suposto, despois de falar con todas as comunidades educativas puntualizando as seguintes.

En primeiro lugar, o espazo da entidade de formación do profesorado non é da Xunta de Galicia, é da Universidade de Santiago de Compostela, polo cal elimino ese espazo, que ademais a comunidade educativa nos traslada que xa está albergando e dando alternativas a outros servizos e entendemos, desde logo razoable, a contestación que nos deu, insisto por escrito.

Respecto aos outros dous espazos hai que ter en conta tamén que o Lucus Augusti está a iniciar unhas obras moi importantes, que vai ocupar parte do espazo.

Entendemos que esa cesión debe de respectar o desenvolvemento das obras, porque ao final acabariamos facendo trampas ao solitario e xerando un problema. E despois dous asuntos que creo que tamén son moi importantes, que van nesta iniciativa. Ampliala, evidentemente vostedes, especialmente o Bloque Nacionalista Galego, son uns grandes especialistas en poñerse de perfil.

Isto é... O esforzo e o traballo sempre o fan na pancarta, cando hai que facerlle oposición a outras administracións. É máis, creo que vostedes ese é realmente o seu obxectivo fundamental, ser a oposición da oposición.

Cónstanos que ademais se lle trasladou ao Concello, algo que ademais debían estar absolutamente de acordo, o de colocar aparcadoiros para bicicletas, máis aparcadoiros para bicicletas e impulsar a mobilidade sostible, unha petición que fixo a comunidade educativa e que molo trasladou tamén por escrito.

E despois, sen dúbida, o máis importante. A regularización dun correcto uso e a vixilancia. Ambos explican que é preciso que haxa un compromiso do Concello na regulación deses espazos. Se se habilitan nunhas horas e se pasan desas horas, como facemos para corrixir iso?

Non debería de poñerse en dúbida a colaboración da Xunta de Galicia e especialmente sobre o concelleiro de Deportes, que precisamente neses centros habilitou a Consellería a posibilidade de cubrir as carencias que temos de instalacións deportivas. Dito iso e con ese consenso, e no punto catro, outro tema tamén moi importante que lle trasladaron e comiten, que lle pediron expresamente que se optimizasen as prazas que están reservadas para o xulgado.

Creo que tamén debe ser obxecto deste compromiso. Catro puntos, que recollen a filosofía desta iniciativa e que, por suposto, votaremos a favor.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra Alexandre Penas. Pincha. Podes pinchar...
Agora.

-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Pois seguimos cun exercicio da demagogia do Partido Popular, pois imos in crescendo. Eu cría que non era posible despois da

comparecencia de Ameijide. Que o BNG se pon de perfil. É que eu a verdade é que non dou crédito.

Falan de que hai que poñese en consenso cos propietarios, que a Xunta colaborará. Pero, imos ver, de que estamos falando? Son edificios que xestiona a Xunta de Galicia. Haberá que, evidentemente, falar coa comunidade educativa, que xestiona a Xunta de Galicia. Póñense de perfil absolutamente para todo. E a min paréceme bastante escandaloso, porque, díxenllo en varias ocasións, e vólvollo dicir.

En vez de vir aquí como Corporación de Lugo a propoñer traballo para mellorar Lugo, escorren o bulto para defender unha Xunta de Galicia ausente.

E hoxe xa temos delegado. Polo menos. Eu estou a favor do que dixo o compañeiro Jorge, que hai outras parte de Lugo, outros edificios en Lugo, de que son susceptibles de ser utilizadas para a cidadanía.

E de feito nós dende o BNG ímolo solicitar, que así se faga, e xa se ten feito neste pleno.

Creo que tamén polo PSOE, o que é o edificio administrativo da Xunta. Non vai nesta proposición. Dá igual, estamos falando da mobilidade de Lugo. E vostede citou toda a mobilidade de Lugo. Hai unhas cantas fotografías. Entón eu creo que terá dereito, digo eu, todos a falar da mobilidade en xeral. Pois tamén falaremos diso e tamén o poremos en contacto coa Xunta de Galicia para que o habilite como xa anunciamos publicamente.

E a ver que di. A ver se falando con eles directamente, el si que asume a súa responsabilidade, non como neste grupo político, que parece que os institutos son alleos completamente á xestión da Xunta de Galicia e que hai que falar con eles. Eu non sei se vostede quere un sistema completamente autárquico ou anarquista, pero exerzan un pouco a súa responsabilidade. Paréceme de verdade fóra de sentido toda a súa argumentación.

Logo fala de que a mobilidade en Lugo é un problema. Eu creo que a mobilidade en Lugo está dando saltos moi positivos e que é un exemplo a seguir en moitas cidades e en moitas vilas.

A min o que me gustaría saber é un exemplo de mobilidade do Partido Popular que, por desgraza, desde o meu punto de vista ten bastante poder municipal en mobilidade. Non teñen ningún. Meter o coche case ata dentro da farmacia. E que, entón eu si que lle pediría menos demagogia. Non imos aceptar esta proposición. Si que metimos o que é a escola de profesorado. Hai un colexio alí que é da Xunta, hai unha dirección xeral de universidades... E por iso tamén o metimos e pódese xestionar conxuntamente, probablemente. Se temos algo de xestión de traballo na Xunta de Galicia co espazo do IES da Nosa Señora dos Ollos Grandes, que sería ideal. Porque poderían entrar incluso polo mesmo sitio, quitando alí dous bolardos. Por iso o metimos. É unha cuestión de xestión.

Dende logo o Concello de Lugo, toda a colaboración coa Xunta de Galiza para organizar despois ese espazo e que sexa un servizo para Lugo estes aparcamentos.

Que é lóxico que haxa que incluír e que reservar unha praza en concreto para... Porque así o necesita a comunidade educativa? Por suposto. Por iso se fai aquí.

Vaise facer na deputación e se fai... Moitas grazas, señor Penas. Continúe na seguinte.

Ten a palabra o voceiro do grupo socialista, o señor Bustos.

-JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas. Primeiro vou responder da área de Deportes, xestión e mobilidade. O polideportivo é competencia da Xunta. É un polideportivo público, que hai que pagar por estar nel. Iso é privatiza, pero iso deixámolo para outra cousa.

Estamos a falar de solucións en edificios. Edificios... Solucións en mobilidade, buscando diversos escenarios para ver se podíamos aparcas o coche ata a farmacia, como di o meu compañeiro.

Hai cousas inexplicables. A semana pasada coincidiu que lin unha entrevista onde unha compañía de videoxogos moi famosa xaponesa, que todo o mundo coñece. A súa icona máis famosa é un fontaneiro italiano. E funciona. Funciona ata tal punto que é unha das compañías de videoxogos máis coñecidos. Pois entón, se a Xunta abre aparcadoiro aos veciños, vai funcionar. Estámolo dando feito. Por favor, deanlle unha volta, de verdade, que funciona.

Pero, miren, gustoume moito a noticia do periódico de onte, de maneira acertada baixo un criterio técnico, que se decide que a poboación, a vosa proposta é votar a cidade de máis praza de aparcadoiros sexa rehabilitar zonas degradadas urbanísticamente con aparcadoiros en altura.

Moi ben, casualidades da vida, pois onte pola rúa, falando con persoas, non hai contestación da intervención, o PP propón que as edificacións degradadas sirvan como aparcadoiros. Imos falar de propoñer lugares para deixar o coche en vez de movernos a pé e xa se nos olvidou que as zonas degradadas como vivendas non se poden rehabilitar para protección oficial. Non sei, xa se non olvidou iso.

Hai xente que cos problemas que temos os novos para aluguer, pois eu creo que tamén non hai que facer todo aparcadoiros, de acordo? Hai que pensar tamén un pouquiño na vivenda. Bueno, creo sinceramente que non tedes un plan. Estandes improvisando pola marcha, a medida que van pasando, ides pola rúa, coméntanvos unha idea. Vós dicides a todo o que si. Si, si, si, si, si, si. Sen preguntar tan sequera se é viable tecnicamente. Logo vimos aquí, presentádela e somos nós os malos que temos que dicir. É que non se pode facer tecnicamente. Logo claro, a xente marcha cabreada, porque iso é mentir. Eu, sen máis. Xa terminei. Non quero falar nada máis.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Bustos. Ten a palabra a voceira do Partido Popular, señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: A que se refire, señor Bustos sobre non se pode facer tecnicamente? O papelón que fixeron coa protectora? Que o día seguinte foron os seus concelleiros preguntar polso departamentos e confirmáronlles que, efectivamente, tiña toda a viabilidade técnica?

Mire, quen non teñen son vostedes. E é algo máis serio que andar lendo entrevistas de maquinitas ou de videoxogos. Gobernar é decidir sobre o futuro desta cidade. Gobernar é decidir sobre a mobilidade desta cidade.

Gustaríame... Seguramente que se lle poñemos esta intervención, tanto do compañeiro Álex como a súa, ás máis de 56 persoas que teñen denunciado neste concello por caer na rúa ante o enorme destrozo que teñen as vías alternativas que vostedes desexaron para a mobilidade, compatibilizándoas coas obras, pois sentiríanse como me sinto eu. Honestamente insultada.

Mire, aquí temos unha proposta moi clara e moi traballada. Eu non digo que os centros educativos non dependan da Consellería de Educación. O que digo é que é unha mínima norma de educación cando vostede vai poñer unha norma que limite o uso deses centros educativos, como mínimo informar á comunidade educativa. Como mínimo darlles toda a información e trasladarlles e escoitar a súa opinión.

Si escoitar, señor Alex. Iso que dende logo é absolutamente útil para acertar. Aquí ninguén se pon de perfil, pon claramente que a Xunta de Galicia lea a enmenda porque se a lera daríase conta que vén traballada, vén consensuada e creo que ademais permitiría unha resposta áxil, non, evidentemente un brindis ó sol.

Instar á Xunta de Galicia a abrir os aparcadoiros do IES Ollos Grandes e Lucus Augusti en horario de tarde, sen interferir coa actividade habitual das instalacións, respectando as obras que se están a realizar na contorna e dentro dun consenso coa comunidade educativa.

Paréceme do máis lóxico e de sentido común. E especificando as responsabilidades, porque, evidentemente, cando se habilita un curso despois hai que regulalo.

Se facemos como o da central, non. Habilitamos un uso e está pechado. Aí Aí non hai que delimitar ningunha responsabilidade.

Instar ao concello a que atenda a reivindicación do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de colocar máis aparcadoiros de bicicletas. Home, vostedes non deberían de opoñerse a iso. Cóstame crer que non van votar a favor diso.

Instar ao Concello de Lugo a que se implique de maneira real e efectiva na vixilancia e uso correcto do espazo. Ten que ser a Policía Local cando é un uso público dun espazo. Non pode ser o Partido Popular nin vai ser o director do centro. E instar ao Concello de Lugo a que implemente medidas de ordenación de estacionamento pensando especialmente nos residentes.

Insisto, non citan nin sequera a asociación veciñal que con tanto respecto, a educación fai o seu traballo, e que dende o consenso se estuda a optimización...

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Acabouse o seu tempo. Ten a palabra Alexandre Penas.

-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Non imos aceptar a enmenda. Cremos que non aporta nada e que a parte que é demagóxica, porque o noso punto creo que son dúas liñas di iso. Instar á Xunta de Galicia a poñer iso a funcionar.

Evidentemente, hai que facer unha serie de cousas, hai que facer traballos, hai que facer un convenio probablemente co Concello de Lugo, como fará a Deputación, para xestionar logo ese espazo coa Policía Local.

Pero iso é unha evidencia. A min paréceme de verdade un punto completamente demagóxico porque non aportan nada a maiores do que nós propoñemos. Polo tanto, non a imos aceptar. A asociación de veciós é certo que o reivindica, e tamén obedece. Nolo dixo a nós. Volo dixo a vostedes, e tamén neste pleno hai varios anos que se aprobaron unha proposición nese sentido e é vox populi en Lugo.

Entón nós xa lles dixemos que estabamos de acordo e que iamos defender e o defendemos coas armas que temos, que é debatendo, traendo ao pleno e instando á administración competente a que o faga.

Agardo que voten a favor, espero que voten a favor, e desde logo, todos eses traballos nesa ssuperenmenda que fan, que son evidencias, pois se van ter que facer.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Eu só teño que matizar unha cousa. Realmente hai un acordo plenario, como dicía o voceiro do grupo Socialista, que xa se lle instaba á Xunta a que o fixese, pero non o puxo.

Hoxe poden vir facendo malabarismos, pero veñen facendo malabarismos, pero xa había un acordo plenario que a Xunta tiña que poñer a disposición, instando á Xunta que puxese a disposición esas cousas. Hoxe o grupo municipal do Partido Popular pode facer todos os malabarismos que queira, pero seguimos á Xunta de Galicia. Segue sen poñer a disposición todas esas prazas de aparcamento. Polo tanto, eu creo que aquí o que hai é verdadeiros artistas do escapismo. Verdadeiros artistas de escapismo. Ademais sácanse temas. A protectora, que se os técnicos, as circulacións, toda a circulación dos vehículos. Aquí as circulacións fánnas os técnicos. E co aval dos técnicos non as facemos nós, evidentemente, e polo tanto son os técnicos os que con criterios técnicos fan iso.

Polo tanto, soamente quería resumir iso. Hai un acordo plenario. A Xunta tivo oportunidade nestes anos da facelo e non o fai. Agora do que se trata é de facer ese artisteo escapista, para intentar meter e dicir: vaise aprobar grazas a nós.

Non, que se cumpra aquel acordo plenario e que se cumpra o que se vai aprobar hoxe.

Imos votar.

12/72 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 160/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A NOMEAR O PUNTO DE ATENCIÓN PRIMARIA DO BARRIO DA MILAGROSA COMO CENTRO DE SAÚDE PLÁCIDO VILA (Exp. 2024/G004/00286).- Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“Plácido Vila López é unha figura da nosa medicina cuxo recordo perdura aínda na memoria de moitos lucenses. O seu legado constitúe unha traxectoria profesional

entregada á sanidade, que exerceu con vocación e xenerosidade. Monterrosino de nacemento, cursou os seus estudos en Santiago de Compostela e especializouse en Xinecoloxía en Granada, tras o cal decidiu volver á súa terra. Constitúe o seu caso un nítido exemplo de, como el, moitas e moitos profesionais que, tendo que formarse lonxe de Lugo, decidiron regresar á nosa cidade para que todo o seu coñecemento e bo facer repercutise sobre a nosa comunidade.

Durante moitos anos, Plácido Vila desempeñou o seu labor facultativo en todos os hospitais do municipio, onde supervisou a saúde das mulleres lucenses e axudou a nacer a miles de nenos e nenas en centro clínicos como o García Portela, o Ollos Grandes, o hospital provincial ou a súa consulta situada en tempo na rúa Castelao.

Foi na década dos setenta cando decidiu abrir o seu propio centro médico, onde exerceu ininterrompidamente durante máis de 13 anos, e que estaba situado na rúa Río Ser, ata que este inmobile foi transferido á sanidade pública. Este edificio, onde se atopa agora o centro de saúde da Milagrosa, será obxecto dunha necesaria intervención por parte do Goberno autonómico co obxectivo de modernizalo e adaptalo aos estándares sanitarios do XXI.

Con este motivo, desde o Grupo municipal socialista consideramos que preservar a memoria de profesionais destacadas e destacados, como é o caso de Plácido Vila López, contribúe a reforzar a nosa identidade como cidade. As historias compartidas, os logros alcanzados e os desafíos superados forman parte do tecido social e sanitario lucense, converténdose así en parte da nosa memoria colectiva.

Ademais, este recoñecemento, que, na nosa opinión non pode ser máis xusto, é unha forma de honrar toda a súa contribución social e o seu gran legado humano. Coa elección do nome de Plácido Vila para o punto de atención primaria do barrio da Milagrosa renderíase unha fermosa homenaxe e consumaríase un merecido xesto de aprecio pola súa dedicación en prol do benestar de varias xeracións de lucenses formalizando o que de facto xa é unha realidade social en Lugo, xa que gran parte da cidadanía identifica este centro de saúde co seu nome.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón ao Pleno da corporación o seguinte punto de acordo:

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a considerar o nomeamento do punto de atención primaria situado no barrio da Milagrosa como Centro de saúde Plácido Vila, pola súa inestimable contribución no ámbito da xinecoloxía e da medicina en xeral na nosa cidade."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, maioría simple, **ACORDA:**

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a considerar o nomeamento do punto de atención primaria situado no barrio da Milagrosa como Centro de saúde Plácido Vila, pola súa inestimable contribución no ámbito da xinecoloxía e da medicina en xeral na nosa cidade.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista dona Olga López Rocamonde.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bos días a todos. Benvida, Ángeles e moitas grazas, alcaldesa.

Comezar dicindo que para min é unha satisfacción persoal defender esta proposición porque lles aseguro que non hai profesión mellor que axudar a unha muller a traer vida.

Neste senso é unha referencia o doutor Plácido Vila López, que todos sabemos é unha figura da nosa medicina, cuxo recordo perdura aínda na memoria de moitos lucenses. E como ben dixo Paco Martín é moi probable que esa muller que sorría abertamente despois de contemplar a fotografía que enche esta páxina, a dun periódico, e que ergue o rostro despois cara ao ceo, nun ademán de memoria agradecida, faga todo iso porque sabe que o das mans de Plácido Vila foi o primeiro contacto que a súa pel percibiu fóra do seo da súa nai.

O seu legado constitúe unha traxectoria profesional entregada á sanidade, que exerceu con vocación e xenerosidade.

Naceu o 1 de outubro de 1926, en Sirgal, pequena parroquia do concello de Monterroso, no seo dunha familia de once irmáns. Comezou os seus estudos de Medicina na Universidade de Santiago, licenciouse na Universidade de Granada, onde se especializou en Xinecoloxía e Obstetricia e realizou a súa tese de doutoramento.

No Hospital Clínico da citada cidade iniciou a súa traxectoria profesional, tanto na asistencial como na docencia, e alí coñeceu a quen foi a súa muller, Asunción Alonso, tamén xinecóloga nunha época na que as doutoras eran moi poucas no noso país.

Cando se casan, deciden volver a Lugo e durante moitos anos Plácido Vila e Asunción desempeñan a súa labor en moitos hospitais do municipio, onde supervisou a saúde das mulleres lucenses e axudou a nacer a miles de nenos e nenas en centros clínicos como García Portela, Ollos Grandes e mesmo o Hospital Provincial, e na súa consulta privada na rúa Castelao.

Nela montaron unha pena que na clínica xinecolóxica de seis camas, onde tamén tiñan a súa residencia. Neste fogar teñen os seus tres fillos, María Teresa,

Margarita e Xosé Ignacio. As dúas fillas continúan actualmente o camiño dos seus pais, exercendo a medicina.

Grazas ó seu bo facer e a dedicación ao seu traballo a clínica Castelao quedou moi pronto pequena e construíron a nova clínica no barrio da Milagrosa.

No ano 1970, doutor Vila inaugura na rúa Róser un total de 17 camas coa tecnoloxía máis moderna na época. Tempos nos que a atención sanitaria aínda non era unha cuestión de atención xeral e de saúde para todos.

Recababa especial atención á saúde materno infantil, que tiña moita oportunidade de mellora. O doutor Plácido vila brindoulles ás mulleres e nenos desta provincia esa posibilidade.

Na planta alta do edificio estaba á vivenda da familia, o que facilitou estar dispoñible 24 horas do día para un traballo que todos sabemos que é unha especialidade médica na que non se pode acoutar a xornada laboral.

Son moitas as familias lucenses completas que naceron na clínica, que aínda hoxe lembran cun cariño a esta parella de médicos. Naquela naceron algún de meus irmáns.

Nos anos 90 venderon a clínica, a administración pública sanitaria, en pleno desenvolvemento da Atención Primaria despois da publicación do Real Decreto que a regula no ano 1984, unha expansión do Sistema Nacional de Saúde que hoxe coñecemos, para que se construíse alí o actual Centro de Saúde da Milagrosa. E tanto Asunción como Plácido continuaron a súa carreira profesional ata a xubilación, en parte na saúde pública.

O doutor Vila faleceu en 2011, ao 85 anos, tras unha vida dedicada á medicina que exerceu con paixón. As súas mans axudaron a dar a luz a milleiros de lucenses, non só na capital, senón en toda a provincia. Seguirei na próxima intervención.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra á voceira do grupo do Bloque Nacionalista Galego, dona Maite Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Moitas grazas e bo día. Ángeles, benvida a esta corporación.

Non queda moito máis que... Presenta unha enmenda de substitución. A señora Candia dicía que traballaban moito eles e pouco nós, pero realmente non fixeron moito, presentar unha enmenda precisamente cando estamos debatindo a moción. Eu animaría a que presentasen as mocións en tempo para podelas valorar. Ben, pouco máis queda por dicir, que xa a compañeira Olga explicou perfectamente a motivación para que ese centro de saúde, que aínda que pareza que é novo, leva moitos anos alí. Eu creo que realmente a nivel popular xa é conocido por ese nome, por ser un antigo hospital onde ese doutor desenvolvía a súa actividade, neste caso no eido da xinecoloxía.

É certo que está ben e que hoxe o que celebramos é que ese centro por fin se arranxe, teña uns edificios e unhas edificacións a medida cos veciños e as veciñas da zona, poidan desfrutar... As persoas usuarias, cando vaian a un centro de saúde teñan esas adaptacións á actualidade e teñan un centro de saúde cómodo e útil, como tamén debería ser pois o que teña a parte dun edificio novo, pois un persoal

sanitario axeitado, para que poidan atender sen esas listas de espera, que hoxe en día estamos padecendo en todos eses centros de saúde e tamén esa diferenza á hora de atopar personal sanitario, que sempre é a argumentación que falan desde a Xunta, e que se compense para atraer cuns salarios e cun traballo axeitado, para todos os profesionais que están fóra poidan volver para aquí. E imos votar a favor desta proposta. Alegrámonos que ese edificio se poida rehabilitar. Eu creo que todos os usuarios e usuarias da zona o merecen.

Levan moitos anos agardando a que iso por fin aconteza e creo que imos ter que esperar aínda dous ou tres anos máis para que poida ser unha realidade. Pero alégrome de que por fin haxa un edificio novo co personal necesario e axeitado para as persoas usuarias dese barrio. Grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, a voceira, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moi bo día de novo. Agradezo a intervención da señora Racamonde, ademais con ese afecto de poñer en valor da traxectoria e a entrega dun profesional sanitario, de recoñecido prestixio e tan querido na nosa cidade, ademais facéndoo con ese afecto ao que realmente nas intervencións non nos ten acostumados.

Señora Ferreiro, consellos dou que para min non teño, porque o grupo municipal do Partido Popular tivo que pronunciarse en repetidas ocasións nesta sesión plenaria sobre enmendas que nin sequera limos. Polo menos nós antes da intervención entregámoslla por escrito. Tampouco hai ningún problema en que consensuemos que se entreguen o día anterior.

Esta en concreto é moi sinxela e ademais obedece ao que a señora alcaldesa xa coñece. Eu teño que recoñecer a miña sorpresa, non? Porque pensei que nesta lexislatura por parte do goberno a primeira iniciativa que trouxesen para un barrio para a zona norte da nosa cidade, pois con tantas necesidades, con tanta expectación sobre promesas incumpridas, pois fose outra iniciativa.

Eu recordo, non só eu, os veciños de Lugo veñen escoitando promesas para ese barrio, pois o 12 de marzo de 2011, Orozco pretende crear unha área de rehabilitación na Milagrosa. 26 de marzo do 2011. 21 de abril de 2015: O plan de rehabilitar a Milagrosa inclúe 429 edificios con 1.314 vivendas. Data real: 0.

Xaneiro do 18. Decía algún representante veciñal: "Ou hai rehabilitación ou a Milagrosa será un barrio marxinal".

Outubro do 22: O Concello retoma os estudos para a rehabilitación...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Céntrese, señor Candia...

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Estou na miña quenda de palabra e ten que comprender...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten que centrares na proposición, senón retírolle a palabra.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Quítema. 13 de maio do 23. O Concello informará [...] do Plan da Milagrosa. Esta é a realidade e os compromisos incumpridos. Eu aproveito e agradezo moito esta iniciativa, porque ademais permite recordar que hai unha administración que é a administración autonómica, que ademais de ter en marcha un importante investimento no centro de maiores, previo investimento que se fixo na escola infantil, agora aposta por rehabilitar un centro de saúde, o Centro de Saúde da Milagrosa.

Sorpréndeme a iniciativa porque na propia visita do conselleiro e na propia explicación do proxecto, onde a señora alcaldesa foi convidada e estaba presente, o propio conselleiro advertía do peso e da importancia que tiña respectar, resaltar e sempre recordar, para que quede, aínda que na memoria dos lucenses está, pois que no propio edificio tamén quedase a identidade e, sobre todo, iso, reflectiva a institución que era don Plácido Vila. Así fixo algún matiz, como en que no proxecto arquitectónico continuase a vidreira coa cegoña, e, ademais, explicou a idea de poñer no propio centro un espazo, unha placa, unha sala, onde a memoria de Plácido Vila estivese máis presente que nunca nunhas instalacións renovadas, como o barrio e a cidade merece. E, por certo, se estiveron de dicir que se ía pechar, polo menos agora recoñecen que iso non era certo.

Si é certo que o propio conselleiro explicou nesa mesma reunión, e eu estaba presente, que non se poñían nomes de persoas aos centros de saúde, pero que, cando había un asunto como era este caso, se comprometían a buscar un espazo, xunto tamén cos profesionais sanitarios que tamén estaban alí escoitando todo isto que eu estou agora máis ou menos reproducindo, para buscar buscar o espazo máis vistoso ou que tivese máis entidade.

E nese contexto é onde presentamos a nosa enmenda, que é o que alí anunciou o conselleiro, pois que sexa unha realidade da maneira en que a Consellería acostuma a facer as cousas.

Nese caso creo que non desluce ningunha da intención fundamental desta proposición e que, por suposto, eu lle agradezo non só o investimento ao conselleiro, senón especialmente esa sensibilidade para que nese centro teña máis presenza e máis vida que nunca. A pesar de que desgraciadamente xa non está entre nós, pero si o seu legado, a figura de don Plácido Vila.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a portavoz do grupo Socialista, dona Olga Rocamonde.

- OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Mire, señora Candia. Voulle dicir unha cousiña. Eu sonlle moi afable, sabe o que pasa? Que son moi intolerante coas mentiras e coa demagogia, e vostedes é a práctica que teñen.

De feito, hai que ser pouco elegantes, por non lles dicir doutra maneira, para que unha proposición tan bonita e tan positiva vostede a convirte en fango, e que vostede, o seu partido, converte en fango todo o que tocan, todo o que tocan. Este é o problema que temos con vostede e coa dereita deste país.

E voulle dicir unha cousa. O primeiro que ten que facer o conselleiro, agora o novo, agardamos novas expectativas con el, é respectar a unha cidade e respectar a vontade da sociedade, porque os políticos estamos para respectar a sociedade.

E tampo era de arreglar este centro, que non cumpre nin coas medidas básicas de seguridade, que non cumpre con iso, e que o tiveron 11 anos aberto, pendente desas reformas. Vergoña lle debera de dar.

Neste sentido positivo da proposición, dicirlles que este edificio onde se atopa agora o Centro de Saúde da Milagrosa será obxecto dunha necesaria intervención, e que non nos regalan nada. É unha necesaria intervención por parte do goberno autonómico, porque incumpre en tódolos sentidos.

O grupo municipal socialista consideramos que preservar a memoria de profesionais destacados como é a de Plácido Vila contribúe a reforzar a nosa identidade como cidade.

As historias compartidas, os logros alcanzados e os desafíos superados forman parte do tecido social lucense, convertíndose nunha memoria colectiva. Este recoñecemento que na nosa opinión non pode ser máis xusto, é unha forma de honrar á súa contribución social, o seu legado humano, coa elección de Plácido Vila para o nome do centro que agora se atopa na Milagrosa.

Pero voules dicir máis. En palabras de Xulio Xiz. Nin sequera desta concelleira. Acomodaríamos a denominación oficial á real, porque os cidadáns chámalle o centro de Plácido Vila, que fomos elaborando milleiros de usuarios neste emblemático centro.

Polo tanto, sería unha fermosa homenaxe e consumarísimos un merecido xesto de aprecio pola súa dedicación a prol da saúde e do benestar de moitas xeracións, entre eles de moitas nais e de moitos nenos. Non aceptamos, como non pode ser doutro xeito, semellante enmenda.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Ten a palabra a señora Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Señora Candia, non ten sentido esta enmenda. Porque vostede, se estivo alí, na presentación deste proxecto, escoitou ao conselleiro dicir que xa se lle vai facer isto... Que pasa que non confía no que dixo alí e vén agora aquí a reforzalo a cambio da moción que presenta o grupo socialista? Porque senón eu non o entendo. Se vostede acaba de dicir que isto xa está dito e confirmado polo propio conselleiro, para que trae aquí? Pouco confía neles, polo que vexo. Nada máis.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** A ver, a ver porque cando se pon en valor e se publicita unha intervención, que me parece pois absolutamente respectuosa e, non só o contido, senón as persoas que ten en fronte, que somos 12 concelleiros que representamos a moitos lucenses, pois parécelle mal, e incluso intenta dicir o que non fixemos, porque recordamos múltiples promesas para un barrio que ten moitas

necesidades, múltiples, e a realidade é: a Consellería ten a redacción do proxecto para reformar o centro de Saúde, ten a consignación presupostaria e, efectivamente, non nos dá vergoña. Sentímonos orgullosos. Orgullosos de que cumpran. Vergoña deberían sentir vostedes de incumprir durante tantos anos, e só falar de áreas de rehabilitación cando hai eleccións. A realidade é que... Estanme interrumpindo...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Sen interrupcións, por favor, concelleira.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Durante todos estes anos, a realidade do marcador é Xunta de Galicia 3, Concello de Lugo 0.

Poño en valor as palabras do conselleiro, señora Ferreiro, porque nós non somos como vostedes, que votan unha cousa na Deputación e teño que volver recordar a protectora, e votan outra distinta aquí. Eu reproduzo o que dixo o conselleiro o día da presentación do proxecto. E respecto o que dixo, porque me parece axeitado, e perfectamente respecta o legado e o compromiso desta sociedade coa posta en valor dun gran profesional sanitario.

E esfórzome, ademais, en dicilo, coa maior serenidade, porque, precisamente, ese legado e ese respecto non merece un debate político.

Probablemente estamos dicindo o mesmo, ou probablemente, como alí se dixo que aos centros de saúde non se poñían nomes de persoas, pois probablemente o mellor o que buscan é ese encontronazo ou ese rexeitamento. E non debería de ser así. Eu creo que sería unha maneira onde quedaría vivo, presente, e ademais de xustiza, porque ademais, como acertadamente, di, chámese como se chame, pois a cidadanía sempre lle seguirá chamando o sanatorio de Plácido Vila.

Pero non convirtamos en algo negativo, algo que é absolutamente positivo, a continuidade dun servizo público no barrio, un centro de acordo ás prestacións e as necesidades do século no que vivimos e unha administración que sigue investindo na Milagrosa e na zona norte da cidade, como fixo no barrio da Residencia, que é a Xunta de Galicia, a pesar de vostedes.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra a concelleira do grupo Socialista Olga López Racamonde.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Fiel ao seu estilo. Fiel ao seu estilo de crispar e converter en fango ata esta proposición.

Esa é a súa maneira de facer política e moléstalle que llo digan.

Parece mentira que haxa que arrincarlle case palabras a prol dun profesional, pero vostede queda retratada coa exposición que fixo, e como unha proposición que só é positiva a convertiu en fango.

Quero dicir, de novo, moi fiel ao seu estilo. O grupo municipal do PSOE propón a pleno a esta corporación o seguinte punto de acordo. Instar á Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade a considerar o nomeamento do punto de Atención Primaria situado no barrio da Milagrosa como centro de saúde Plácido

Vila, pola súa inestimable colaboración no ámbito da xinecoloxía e da medicina en xeral na nosa cidade.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Racamonde. O que si, non vou permitir que se fale dunha reunión que eu tiver ou un encontro co conselleiro señor Comesaña sen estar presente falando do que non se sabe.

Por se se chega tarde, mal e arrastro, que é habitual, se está máis pendente do móbil que do que se fala. E, por suposto, cando se chegou por parte dalgunhas persoas eu xa falara con Comesaña.

Si que falei con Comesaña xa na porta, xa na porta, que non ninguén dos aquí presentes, falei con el de Plácido Vila, e conteille, porque el non sabía practicamente da figura de Plácido Vila. E conteille o que era a Plácido Vila para esta cidade. Eu mesma conteille o que dixo a concelleira Olga López Rocamonde.

Media cidade naceu nas súas mans, que a outra media fixemos alí os cursos de preparación para o parto. Eu fíxeno hai 29 anos. Non había outro sitio para facelos. Íamos alí a facer os cursos de preparación ao parto, ao Plácido Vila, e conteille iso ao conselleiro, que, por certo, gustárame poder despedirme gratamente del, porque todas as conversas que tiver con el si que despuntaba ou desmaiada do que é habitual no Partido Popular.

Unha persoa afable, sempre escoitando as propostas, valorando as propostas, e si que me gustaría despedirme del dunha maneira afectuosa. Pois esa conversa que tivemos o señor Comesaña e mais eu, non a presunción ninguén, señora Candia, porque chega tarde sempre aos sitios. Vai facer a foto e chega tarde. E nese caso, desde logo, vostede non estaba presente.

Ao mellor estaba co móbil, probablemente.

Pero o que si teño que dicir, que lle falei e lle contei para a cidade de Lugo, sería moi importante, sería moi importante, poñer ese nome, e para o barrio, e para o barrio. O señor Comesaña díxome, preguntou a máis xente que había por alí, a determinados técnicos, e corroborárolle o que eu lle dixen. Polo tanto, non se pode falar do que un non coñece nin estaba presente.

Polo tanto, esa proposta dixo que se ía procurar facer, e así o dixo. É o único que se está pedindo aquí, que se considere a posibilidade.

Todo o demais, como dixo a señora López Rocamonde é o de sempre. Escapismo e artes marciais, porque ao final o único que se pretende é emborronar e enlamar unha proposición positivo en favor deste persoeiro tan importante para esta cidade. Polo tanto, imos votar.

13/73 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 161/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMOSAR O APOIO DO CONCELLO DE LUGO AO VITAL LABOR DA AXENCIA DE NACIÓNS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS DE PALESTINA EN ORIENTE PRÓXIMO (Exp. 2024/G004/000287).- Vista a antedita proposición do seguinte teor:

“A Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA), é unha organización das Nacións Unidas que proporciona e atende na actualidade ao desenvolvemento, a educación, a saúde, os servizos sociais e a axuda de emerxencia de máis de 5.9 millóns de refuxiados e refuxiadas palestinos, que viven en Xordania, Líbano, Siria, Cisjordania e a Franxa de Gaza, en 59 campamentos de refuxiados. Continúa sendo a principal organización en acometer o devandito compromiso.

A UNRWA estableceuse tras a guerra árabe-israelí de 1948, en virtude da Resolución 302 de 1949, aprobada por unanimidade, coa única abstención dos países do Leste. O seu obxectivo inicial foi a creación de campamentos de refuxiados nos que aloxar aos máis de 700.000 palestinos que foron expulsados ou tiveron que fuxir ante o avance das tropas israelís durante ese conflito. Entrou en funcións o 1 de maio de 1950 e a Asemblea Xeral ha ido renovando sucesivamente o seu mandato. UNRWA caracterízase por ser a única axencia de Nacións Unidas dedicada a axudar a refuxiados dunha rexión ou conflito específico. Finánciase grazas ás doazóns voluntarias dos Estados membros das Nacións Unidas, a Unión Europea e algúns gobernos rexionais. Tamén recibe doazóns doutras axencias da ONU, como tamén son relevantes as achegas de grandes e pequenas empresas, multinacionais, fundacións, Ong e outras organizacións, sen tampouco esquecer as achegas individuais.

Tras o atentado cometido por Hamas o 7 de outubro, e a posterior denuncia de Israel da suposta implicación de doce dos 13.000 empregados e empregadas de UNRWA no mesmo, unha vintena dos principais doantes (Estados Unidos, Alemaña, Australia, Austria, Canadá, Finlandia, Islandia, Italia, Xapón, Nova Zelandia, Países Baixos, Reino Unido, Romanía, Suecia, Suíza, Estonia, Letonia e Lituania) suspenderon o financiamento a UNRWA. Isto supuxo a suspensión de máis do 68% dos fondos que recibía a axencia.

Nas últimas semanas, afortunadamente, bastantes deses países reiniciaron o financiamento: os gobernos de Finlandia, Islandia, Suecia, Canadá, Australia, Alemaña e Xapón anunciaron que retoman o financiamento en suspenso. Ademais, outros países como Noruega, Irlanda e Portugal aumentaron ese financiamento; mesmo caso que o de España, que anunciou achegas extraordinarias moi importantes. Do mesmo xeito, a Comisión Europea tamén desbloqueou o 1 de marzo 50 millóns da axuda prevista de 82 millóns para a institución neste 2024.

Por outra banda, as medidas adoptadas polas Nacións Unidas fronte ás graves acusacións e a investigación que se está levando a cabo, así como as medidas e controis adicionais para mitigar estes riscos no futuro, deberían ser razóns suficientes para que o resto de países reformulásense a súa decisión de suspender as doazóns.

Este brutal recorte traerá gravísimas consecuencias aos preto de seis millóns de refuxiados e refuxiadas que se beneficiaban día a día da súa axuda, pero, sobre todo, aos dous millóns de persoas que necesitan desta axuda humanitaria en Gaza para garantir a súa supervivencia.

Tras cinco meses de conflito, a situación en Gaza é cada vez máis extrema, con máis de 32.000 palestinos mortos, case 200 persoas cada día. Delas 90 de media son nenos e nenas; segundo denuncia o comisionado xeral de UNRWA, os máis de 12.000 nenos e nenas asasinados no últimos catro meses en Palestina son máis que os que causaron todos os conflitos e guerras globais no últimos catro anos.

O conflito causou, ademais, máis de 73.000 feridos, os 70% nenos, nenas e mulleres; así como máis de 9.000 desaparecidos. A poboación palestina en Gaza necesita unha resposta urxente ante a grave fame negra que sofre. Ao redor do 80% da poboación con máis fame do mundo vive actualmente na Franxa de Gaza, onde o 16% dos menores de dous anos sofre desnutrición aguda. Como denunciou hai uns días a OMS a través do seu portavoz, xa son polo menos 10 os nenos e nenas que morreron por desnutrición e deshidratación.

Neste tempo morreron tamén máis de 150 traballadores da ONU, máis que en ningún outro conflito asistido por Nacións Unidas desde a súa fundación. Igualmente, nestes cinco meses de contenda, foron tamén asasinados case un centenar de xornalistas, os 95% palestinos. É unha situación que se encamiña á destrución total da zona.

As infraestruturas foron danadas na súa práctica totalidade: escolas e universidades, centros de saúde e hospitais, centros de culto, centros culturais, oficinas gobernamentais, edificios residenciais, estradas, plantas de desalinización e estacións eléctricas, sen equipos médicos, medicinas e outras subministracións hospitalarias ou de calquera outro tipo. O nivel de morte e destrución non ten precedentes.

Non toda a actividade de UNRWA dáse en Gaza. Con todo, si están en Gaza, dous de cada tres dos 1,8 millóns de refuxiados palestinos que dependen case exclusivamente da axuda alimentaria de emerxencia de UNRWA, é dicir, 1,2 millóns de persoas, dependen da UNRWA para comer ou ter acceso a auga potable.

Os civís palestinos dependen case exclusivamente do apoio de UNRWA sobre o terreo. É unha organización indispensable na rexión. En consecuencia, non debemos modificar a nosa colaboración con UNRWA, á que consideramos unha organización indispensable, cuxo traballo é hoxe máis necesario que nunca.

Por iso, de nada serve, e é tremendamente irresponsable, sancionar a unha axencia e a toda a comunidade á que serve en base a acusacións dalgúns individuos, que deberán responder individualmente polos seus actos.

Así mesmo, seguimos condenando os ataques indiscriminados de Israel contra a poboación civil e contra as infraestruturas civís, pedindo o cesamento do fogo inmediato e permanente e reiterando o necesario respecto do dereito internacional e do dereito internacional humanitario, do mesmo xeito que seguimos esixindo a liberación inmediata e sen condicións de todos os reféns.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón ao Pleno da corporación os seguintes puntos de acordo:

1. Manifestar o seu respaldo ao imprescindible labor que realiza a UNRWA para coa poboación refuxiada de Palestina, tanto en Gaza e Cisjordania, como nos campos de refuxiados e refuxiadas existentes na rexión, que acollen á devandita poboación.

“Na reunión plenaria da corporación municipal, celebrada o 30 de decembro de 2021, o grupo municipal do PP presentou proposición para “a mellora da mobilidade e o estacionamento no barrio de Fontiñas”. A xustificación da proposta baseábase na *“enorme deficiencia de prazas de aparcadoiro”*, ademais de que a oportunidade temporal de desenvolver proxectos financiados con fondos europeos invitaba a ter amplitude de miras e ambición para levar a cabo obras de envergadura que realmente melloren a calidade de vida dos veciños e veciñas da cidade. Cunha lóxica inapelable, o noso grupo precisaba que impulsar iniciativas que modifiquen o funcionamento da mobilidade urbana, como a dun carril bici, facía precisa a adopción de medidas que desen SOLUCIÓN PREVIA a todos os posibles prexuizos aparellados á intervención na mobilidade.

Na reunión plenaria da corporación municipal, celebrada o 26 de xaneiro de 2023, o grupo municipal do PP presentou proposición para a procura de alternativas ás prazas de aparcadoiro suprimidas polas diferentes medidas tomadas polo goberno, exemplificando como tales o mesmo carril bici, que *“fixeron que a cidade de Lugo vexa diminuídas de xeito case alarmante o número de prazas de aparcadoiros nos diferentes barrios da cidade”*. A xustificación da proposición salientaba que *“se está a castigar á cidade e aos veciños de Lugo a residir nunha cidade que presenta numerosos problemas de mobilidade e que condena ao centro da cidade á súa desaparición”*, así como que *“a redución de prazas de aparcadoiro dispoñibles (nos barrios e nos aparcadoiros soterrados) fai que os veciños de Lugo renuncien a trasladarse ao centro da cidade ou a determinados barrios para facer as súas xestións ou mesmo para desfrutar do seu tempo de lecer. O problema é que o traslado destas persoas a barrios periféricos da cidade que están a concentrar os servizos (algún tan básico como o aparcadoiro) condena a outros á súa desaparición”*.

A proposta de acordo presentada o 30 de decembro de 2021 solicitaba que *“O Concello de Lugo, previamente a calquera modificación que afecte á mobilidade e ao estacionamento no barrio de Fontiñas, realice o estudo e obras precisas para a construción dun grande aparcadoiro na ronda das Fontiñas*. A devandita proposta foi rexeitada cos votos a favor dos grupos municipais do PP e Ciudadanos, e en contra dos grupos municipais do PSOE e BNG.

A proposta de acordo presentada o 26 de xaneiro de 2023 solicitaba que *“se realice un estudo pormenorizado das distintas alternativas para paliar o problema da escaseza de prazas de aparcadoiro que está a sufrir a cidade de Lugo en barrios como centro histórico, Milagrosa, Fontiñas, Augas Férreas, Residencia...”*. A devandita proposta foi rexeitada cos votos a favor dos grupos municipais do PP e Ciudadanos, e en contra dos grupos municipais do PSOE e BNG, precisando facer valer o voto de calidade da Alcaldía.

Unha vez sabedores, todos, da lamentable falla de proveito que están a ter para a veciñanza de Lugo os proxectos desenvolvidos coa axuda de fondos provenientes da Unión Europea, así como os prexuízos derivados das dificultades e problemas orixinados polas illadas e erráticas intervencións na organización da mobilidade urbana da cidade, entendemos que **SEGUE A ESTAR VIXENTE A NECESIDADE DE PROPOR SOLUCIÓNS DE MELLORA NA NECESIDADE DE APARCADOIROS NA CONTORNA URBANA**, polo que se presenta novamente a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

A realización dunha ANÁLISE DE NECESIDADES REAIS, PRESENTES E FUTURAS, DA MOBILIDADE RODADA (non de cales sería desexable que fosen, senón de cales son), así como da PARADA E ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS na trama urbana consolidada de Lugo e, en concreto, en zonas ou barrios densificados e necesitados de apoio como o recinto intramurallas, San Antonio, Milagrosa, Feijoo, ronda das Fontiñas, onde unha REDE DE APARCADOIROS EN ALTURA (ou superficie) de diferentes formas e capacidades en solos adquiridos mediante a compra, alugueiro, permuta, cesión, expropiación etc. pode ser a solución axeitada e de futuro para os problemas existentes. Exemplos posibles de localización destes (xa coñecidos) son as parcelas baleiras na beira exterior de Fontiñas ou na parte alta da rúa Castelao.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moi ben. Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Bo día a todos. Vou comezar contestando á proposta que fixo o concelleiro Jorge Bustos de levar vivenda social para barrios con entramado masificado, para dicirlle que o PXOM non permite iso, porque o PXOM no artigo 49.1 esixe a dotación de prazas de aparcamento no número de, polo unha por vivenda nova, ou unha por cada 100 metros construídos. E faino con bo tino, porque no caso de incrementar os usuarios dunha zona que non ten posibilidades de aparcadoiro, tiñamos que ter unhas bases na concesión das vivendas, que exclúsen a quen queira que precisase mobilidade rodada, porque senón o problema incrementámolo. Tería que ser xente que non tivese necesidade de facer unha mudanza, que non tivese necesidade de recibir servizos médicos a domicilio, que non pedise nada por comercio online. Tiña que ser ese tipo de perfil. Así poderíamolo facer, pero poderíamolo facer, pero tiñamos que facelo con esa circunstancia. Pois lóxicamente non é razoable.

Vou empezar a defensa desta proposición, dicindo que lóxicamente hai que admitir que hai dúas tendencias contrapostas na mobilidade do presente. E unha delas é a necesidade, cada vez máis, dun desprazamento áxil de persoas, produtos e servizos a domicilio cunha motorización crecente.

O ideal sería como tería que ser, pero a realidade é esta. E despois, por outra parte, hai unha necesidade que compartimos, de recuperar a superficie pública para o viandante.

Tanto para o residente como o visitante, os dous modelos de peón son precisos e precisan da rúa. O problema é a insuficiencia de prazas de aparcadoiro na trama consolidada, barrios con trama residencial densificada e sen dotacións suficientes, entre elas o acceso rodado e o aparcamento. Son o casco histórico, o barrio de San Antonio, as Fontiñas, Recatelo, Milagrosa, barrio de Feijoo, San Roque, etcétera.

Dito con respecto. É un pensamento case infantil crer, como se ven a crer, que a área de mobilidade do goberno municipal, que se pensamos moi forte, moi forte, moi forte que o tráfico rodado non é necesario, un mundo sen vehículos e sen necesidades aparecerá maxicamente ante nós, no que as persoas camiñarán alegres polas rúas sen prisas e sen problemas, sen dificultades de mobilidade nin pesos que transportar. Esa é ou parece e semella ser a intención ou pensamento

de parte do goberno municipal. Pero realmente non só son os residentes os que precisan de acceso rodado e aparcamento.

A realidade é que a inexistencia de aparcamento incomoda, penaliza ou imposibilita a vida cotiá, o traballo e a actividade de residentes, de emprendedores profesionais, de comerciantes, de profesionais que poden instalar unha actividade ou que pretenderían instalar unha actividade nunha zona onde non é posible achegarse sen tráfico, sen vehículo rodado.

Os corpos de emerxencias, atención médica, os sanitarios, os visitantes, os turistas, os residentes da periferia, do rural, os clientes do comercio, os clientes dos servizos, profesionais varios, os provedores de servizos, operarios varios, fontaneiros, electricistas, os provedores de produtos, os repartidores de comedor de comida a domicilio, de mensaxería... Toda esta xente precisa da mobilidade rodada. O problema vén agravado polas iniciativas, que son prexudiciais ou pouco traballadas. Dous exemplos que xa citamos aquí son os da instalación do carril bici, suprimindo unhas 300 prazas de aparcamento ou no casco histórico cunha innecesaria legalmente innecesaria ampliación da zona de baixas emisións, que substituirá aproximadamente, que eliminará aproximadamente unhas 100 prazas de aparcamento.

Acórdome moitas veces dunha intervención da anterior alcaldesa no pleno, na que falou ironicamente de que unha peonalización traía a desaparición de prazas de garaxe, de prazas de aparcamento.

Efectivamente, unha peonalización trae prazas de aparcamento se non se xestiona correctamente, se non se traballa previamente en solucionar un problema que antes non existía e que se xera agora. A evidencia é que onde entreviú o goberno municipal desapareceron prazas ou, solución errada, acumuláronse en rúas colindantes, obrigando a adoptar un só sentido de circulación, dificultando e complexizando novamente unha mobilidade sinxela e áxil.

Saben que me refiro a que a lonxitude dos traxectos de onte duplicouse ou triplicouse xogando en contra das retencións e da contención enerxética das emisións.

O exemplo do ocorrido na rúa García Abad, debería darlles para traballar as ocorrencias un pouco máis, sen descartar variables da ecuación para ter un resultado fácil e rápido.

A solución sería dotar provisionalmente e permanentemente de prazas de aparcamento nas zonas densificadas e carente delas.

Poden ser solucións temporais, como os aparcamentos en superficie que xa se citaron nesta reunión de pleno, ou solucións permanentes, como a construción dunha rede de aparcadoiros en altura, que é a proposta ou o camiño que hoxe vimos sinalar con esta proposición. Hay unha estratexia marco que non é errada, que ten que ver coa solución de cada barrio como unha pequena cidade, cun equilibrio entre todos os servizos existentes, incluso de aparcadoiro, pero fai falta unha estratexia local que non elimine o tránsito rodado, aínda que si se traballe en eliminar os vehículos da rúa aparcados.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Cabarcos. Ten a palabra o voceiro do goberno e concelleiro de Mobilidade, don Rubén Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Vou dicir isto, non con ánimo de ataque, senón con toda a sinceridade, o que sentín cando lin esta proposición. Eu cando a lin sentín que aquí non había ningún tipo de proxecto de cidade, que é unha cuestión, pois como unha información que se recibiu e que queremos colocar aquí... A ver como se encaixa.

E vou explicar agora por que digo estas palabras, que non as digo cun contido baleiro.

Digo estas palabras porque o discurso que acaba de dar vostede eu creo que calquera persona o colle para ben. Ostras, si, que ue quero unha cidade, que vaia co meu coche, que aparque na porta de aquí, que se quero cambiar de bar, poida mover o coche tamén para ir ao bar seguinte, que se quero aparcar diante da casa teña sitio. Ese é un mundo fabuloso que non existe noutra cidade. Non o ten en ningunha cidade, porque evidentemente non é así.

Paréceme fantástico ademais que se contemple porque é certo que hai zonas da cidade que son moi densamente poboadas. Falamos do barrio da Milagrosa, como ben expuxo vostede, barrio de San Antonio, como ben expuxo vostede, que son zonas moi densamente poboadas.

Pero, claro, son precisamente as zonas nas que non hai espazo para facer eses aparcadoiros de altura dos que se fala, porque non existen eses soares. Non existen precisamente.

De feito, vostede mesmo daba unha rolda de prensa na que marcaba dúas ubicacións óptimas para facer eses aparcadoiros en altura. E non era ningunha desas. Era unha na rúa Castelao e outra era no entorno da rúa Paxariños.

Ben, vaíamos analizar esas dúas ubicacións. Entendo que estes aparcadoiros, dado que terían un custo millonario porque cumpriría, pois, mercar terreos que son de uso residencial, polo tanto, teñen un valor de mercado moi alto, facer ese tipo de obras que xa terían un prezo bastante alto, cartos que o Concello non ten. Sería hipotecar o Concello e non facer outras moitas cousas que se necesitan durante moitos anos, e para buscar unha solución, ollo, para dar prazas... Entendo que serían de pago, porque se facemos todo desa infraestrutura e van ser gratuítas, sería un pouco ridículo. E facer todo ese custo para dar cobertura de estacionamentos de pago no entorno do casco histórico, onde existen tres estacionamentos de pago públicos e outros tres privados, que só se enchen dous días ao completo: polo San Froilán e nos días do Arde Lucus.

Entón sería gastar esa millonada para dar unha cobertura xustamente para eses espazos, cando ademais xustamente no San Froilán hai un plan especial de mobilidade no que se crean aparcadoiros disuasorios conectados con buses de forma continua, precisamente para que a xente, porque non vai ter onde aparcar, porque son miles e miles de persoas, pois se poidan poñer.

E imos gastar millóns de euros niso. Sacaba Antonio Ameijide antes, e dígoos porque o sacou el, fotos Simpson. A min iso recórdame á foto do capítulo ese do mono rei. Queremos facer grandes obras. E despois cal é o uso real que teñen?

E, ollo, estou de acordo en que todos os sitios onde se poidan buscar estacionamentos é positivo. E non é certa a premisa de que toda a peonalización resta estacionamento. Aquí houbo unha peonalización, que foi a da Mosqueira, que levou consigo unha ordenación do tráfico que creou 105 novas prazas de estacionamento. E pódense contar. Entón, tamén temos que ver o concepto no que camiña o mundo.

O mundo camiña cara un concepto de que, efectivamente, hai que poñer prazas de estacionamento en lugares para que os barrios teñan, etcétera. Pero é que non hai ningunha cidade que coñeza agora mesmo cun certo tamaño e que poida chegar ao casco histórico de forma totalmente gratuíta. En todas non queda máis remedio que pagar. Por que? Porque falamos de que a inmensa maioría dos vehículos van cara aos cascos históricos se se lles permite, e polo tanto non collerían. Teñen que ser aparcadoiros de pago. Non hai outra solución. Non hai outra cidade que colla iso.

E dicíao antes o concelleiro Alexandre Penas. É que o Partido Popular, que goberna en trecentos mil concellos non ten ningún exemplo que poida demostrar iso. Porque non é posible. Non é posible. Dende unha concepción xa técnica. Non é posible, non. Porque temos que avaliar o número de vehículos que existen. O número de vehículos que entran e a capacidade real que ten unha cidade para absorbelos.

E, polo tanto, pois é moi bonito. A min gustoume moito o seu discurso. Incluso moi mitineiro, pero a realidade é outra. A realidade técnica, a realidade cos datos sobre a mesa pois contradín iso sobre todo. Tamén me gustaría, precisamente, pois ligándoo a isto que plantexa tan idílico, que me diga, pois por exemplo, no barrio de San Antonio ou no barrio da Milagrosa, onde se poderían facerse os aparcadoiros de altura? Por certo, e comparto co que se dixo.

Eu creo que dicía antes o concelleiro Jorge, o que realmente necesita esta cidade é construír vivenda pública.

E aí podería facelo... Quen ten que facelo é a Xunta. E precisamente espazos residenciais o que teñen é que ter vivenda, máis nunha situación problemática...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Pode continuar na seguinte. Ten a palabra novamente o concelleiro do Grupo Popular, o señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Fálanme vostede dun discurso utópico e irreal no que ten que ver con... e paródiaa cunha persoa que colle un vehículo dun bar e móvese ata outro bar co vehículo, pero hai moitísima xente en Lugo perxudicada e coa súa vida realmente dificultada por mor de traballos e intervencións..., non como o centro, porque o centro non se trata dunha peonalización, trátase dunha muda de pavimento. Non hai máis. Non se trata dunha peonalización, e a xestión está por ver aínda, como imos falar máis adiante, pero realmente hai moitísima xente prexudicada por decisións que non levan a facilidades na súa vida nin profesional nin de traballo nin de residencia nin nada.

E iso incide negativamente na actividade económica. Falaba de millóns e de hipotecas que poderían traer consigo intervencións deste tipo. Claro. É que... Cústame traballo entendelo cando hai millóns e hipotecas para Lugo para moitos anos, económicas, en cousas ben produtivas e ben rendibles como son o carril bici, o impulso verde, as Caldas ou o Coliving de artistas.

Esas si son intervencións que demandaba a sociedade no seu conxunto e démoslle unha resposta que agora mesmo ten moita moita asistencia e moito interese e moito aproveitamento, como todos vostedes saben.

Isto é realmente difícil, pero o outro é fácil e barato.

Vou seguir explicando cal era o modelo que iamos traer... Que imos traer para que vostedes poidan verse se é entendible e positivo ou non. A proposta o que contempla é unha xeración dunha rede de nodos de estacionamento que nalgún sitio si se poden colocar. O que pasa é que si que é certo que leva un traballo previo de localización e de xestión, que liberaría a rúa para viandantes e o inevitable transporte rodado que non se pode sacar das rúas.

Como se podería xestionar ou como debería de xestionarse o como propoñemos que se xestione? Con reservas preferentes e permanentes para o estacionamento de residentes, das persoas que teñan a súa actividade nas zonas onde se poida acreditar esta deficiencia ou dos corpos de emerxencias, da asistencia sanitaria, que tamén precisan de aparcamentos áxiles e rápidos.

Reservas puntuais online para estacionamento de visitantes, de clientes do comercio menor, de clientes dos servizos ou de provedores de servizos, dos provedores de produtos tamén. Non sei se saberán que hoxe en día calquera profesional ou calquera residente da zona centro que precise de servizos dun profesional, pois poñamos da electricidade, non vai pagar o mesmo que vaia pagar outra persoa nunha zona onde o acceso e o estacionamento sexa relativamente máis fácil.

Non queren achegarse a traballar no centro e quen se achega cobra máis do que se cobra noutra zona da cidade, porque a dificultade é patente e evidente por moito que se diga que está solucionada, por exemplo, no San Froilán en momentos puntuais.

Tamén serían edificios ou edificacións, puntos que servirían para a recarga de vehículos eléctricos, que como vostedes saben teñen un problema de seguridade nos aparcadoiros das comunidades, puntos de almacenamento, entrega e recollida de mercadorías, puntos de estacionamento e intercambio de transporte público, de bicicletas, de autobuses urbanos ou mesmo...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Continúe na seguinte.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** E que, claro, na teoría todos imos estar de acordo. Quen non está de acordo en que haxa aparcadoiros no que poder chegar co teu coche e estacionar. Pero a cidade que temos é a que temos. Aquí só se fala de crear aparcadoiros con propostas e só se pon a de Paxariños e a de Castelao

para chegar ao centro, creando aí aparcadoiros en altura en zonas que están cubertas, de feito, no seu entorno, con aparcadoiros privados.

Porque para chegar ao centro hai aparcadoiros de pago e aparcadoiros de pago que, como dixen, só se enchen na súa totalidade catro días ao ano, catro días reais ao ano. Non digo catro días en modo metafórico. Catro días reais ao ano. Entón o problema non está aí. O problema evidentemente está en barrios moi complicados, como pode ser a Milagrosa, no que realmente non hai superficie real para poder facer un elemento destas características, porque non a temos. De feito, aproveitáronse algúns soares xa hai anos para facer precisamente eses aparcadoiros chamados disuasorios que pola zona norte hai varios. Na Milagrosa, na Piringalla, no Agro do Rolo, etcétera. Para poder cubrir ese tipo de situacións.

Claro, quen non vai estar de acordo en que haxa máis sitios de estacionamento? O problema é que non poden aparecer da nada. Ou botamos á xente das súas casas, tiramos ese edificio e facemos un novo estacionamento.

Temos que ser conscientes do que temos. O que si, sabes onde si hai estacionamentos que se poderían usar? Algo que se falou hoxe no pleno, que se leva falando moitos anos, que aquí se aprobou varias veces neste pleno, que os aparcadoiros dos institutos, que polas tardes se poderían abrir para o público e o aparcadoiro da Xunta, que se pediu moitas veces. E é cuestión de vontade política. É cuestión de que o Partido Popular que defende eso aquí, tamén o defenda na Xunta, que é onde goberna, e abra a porta, como abre o Concello de Lugo o aparcadoiro do Seminario polas tardes, para que calquera veciño ou veciña o poida utilizar polas tardes. E iso xa existe, porque hai unha rede de aparcadoiros de institutos e hai un aparcadoiro no Multiusos da Xunta que está a carón do centro, que ademais agora que empezaron as obras da intermodal e houbo que suprimir todas aquelas prazas de estacionamento que había xunto á estación do ferrocarril, pois sería idóneo que se puidese usar o aparcadoiro da Xunta polas tardes, que a xente aparca aí, e poder facer todo o que vostede di. Xestións no centro, compras, etcétera. Sería marabilloso.

Hai que querer darlle ao botón de que abra a barreira pola tarde, como fixo o Concello no seu día co aparcadoiro do Seminario. Simplemente hai que querer facelo. Ademais neles, nese aparcadoiro hai un vixiante de seguridade, ou sexa que todo facilísimo para poder xestionalo, igual que os dous institutos, son moitas prazas de estacionamento.

E aí non custa un can. Non custa un can a ninguén. É simplemente a vontade política de quere-lo facer. Polo tanto, oia, temos iso, abramos iso. E non poñamos castelos nas nubes de que somos capaces de facer aparcadoiros en alturas en sitios nos que non hai superficie, porque non hai.

Na Milagrosa a min gustárame que se me dixese que soar se pode utilizar na Milagrosa para facer un aparcadoiro de alturas. Entón, a partir de aí poderemos falar.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a última quenda o señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** O que non entendo agora é por que votamos antes a favor da proposición de que e introducísemos a certa dificultade nos centros escolares que vostede citou cando é unha cousa que non se precisa máis que nos San Froilán?

Unha proposición anterior era para acadar aparcamento no San Froilán? Se estamos solicitando máis prazas de aparcamento porque hai un déficit que vostede agora mesmo está negando, pero só ten que falar con calquera persoa que trate de acudir ao comercio local ou que... Mesmo cos comerciantes para saber que a maior dificultade que teñen é un problema de mobilidade e acceso, que por certo temos pedente como solucionalo despois da muda de pavimento que estamos a facer.

Pois só termino dicindo que os recursos que deberían ir dedicados a solucionar problemas, van en moitas ocasións a xerar outros que antes serán inexistentes, que realmente hoxe as árbores, as beirarrúas e os aparcamentos parecen ser os inimigos do goberno local. E de eliminar as árbores o único problema que tendemos será á falta de tapiz orgánico e das beirarrúas...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Acabouse o seu tempo.

Eu soamente quería poñer de manifesto a contradición evidente na que incorre o grupo Popular.

Por unha parte non quere votar a favor de que se abran determinados espazos que están na contorna do centro, que pode instar á Xunta de Galicia a que abra eses espazos como antes falaban os distintos concelleiros, como pode ser no edificio da Xunta de Galicia en todos eses espazos educativos, para así, como fixemos, como di moi ben o concelleiro de Mobilidade, as demais administracións. Como fixo a Deputación, como fixemos nós con ese parking que temos aberto dentro das instalacións municipais tódolos días pola tarde e tódalas fins de semana e festivos. Pero en cambio cando teñen que votar que se inste á Xunta para que abra iso, non votan a favor nunca. Pero agora si, queren facer edificios moi grandes para aparcas coches. Pero esa é a contradición. Non votan a favor desa proposición de abrir eses aparcadoiros que, como dicía moi ben o concelleiro de Mobilidade, nin sequera ten custo, nin sequera ten custo, e está a propoñer facer edificios en altura para aparcas coches, que teñen un custo enorme.

Polo tanto, esas son as contradicións do Partido Popular que aquí quedan moi, moi evidentes. Polo tanto, imos votar esta proposición.

17/77 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 165/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á RESERVA DE PRAZAS DE APARCADOIRO NAS INMEDIACIÓNS DAS OFICINAS DE FARMACIA (Exp. 2024/G004/000292).- Vista a citada proposición do seguinte teor:

“A Ley 3/2019 de ordenación farmacéutica de Galicia no seu artigo 13 establece que as oficinas de farmacia son “establecementos sanitarios privados de interese público, integrados na atención primaria” e no 16 que “terán acceso directo, libre e permanente dende a vía pública ou dende zonas de uso colectivo á zona de dispensación e atención ás persoas usuarias”.

Se a isto lle engadimos que a Constitución Española recoñece “o dereito á protección da saúde e determina que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios”, estamos ante a necesidade de que o Concello de Lugo determine os medios precisos para establecer prazas de aparcamento nas inmediacións das oficinas de farmacia.

Segundo a páxina web do Colexio Oficial de Farmacéuticos Lugo conta cun total de 48 oficinas de farmacia distribuídas ao longo da cidade e en rúas con características moi diversas xa algunhas, as menos, sitúanse en zonas nas que é fácil estacionar para achegarse á zona de dispensa e atención, pero noutras é moi complicado. É por isto que, atendendo ao mencionado anteriormente, considerando este servizo como esencial, faise preciso facilitar aos usuarios o acceso a este tipo de servizos. De feito o RD 1056/2014, que regula o uso das tarxetas para persoas con discapacidade, establece, na súa disposición adicional segunda, que se reservarán prazas en servizos e establecementos sanitarios (este concepto inclúe ás farmacias).

Chegados a este extremo está claro que estamos ante unha petición respaldada pola lexislación vixente e que se fai preciso levar a cabo na cidade xa que é un dereito dos usuarios o acceso a este tipo de servizos e a implantación de prazas de estacionamento rápidas que garantan o acceso ás oficinas de farmacia.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Que o Concello de Lugo realice os trámites precisos para reservar prazas de aparcadoiro “áxiles” nas inmediacións das oficinas de farmacia da cidade.”

E vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, consistente na “Substitución do texto do acordo polo seguinte:

Que o Gabinete de Tráfico do Concello de Lugo estude a conveniencia de reservar prazas de aparcadoiro “áxiles” nas inmediacións das oficinas de farmacia da cidade”.

E tendo en conta que o Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición, acepta a referida emenda.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa modificación introducida pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido

Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** que o Gabinete de Tráfico do Concello de Lugo estude a conveniencia de reservar prazas de aparcadoiro “áxiles” nas inmediacións das oficinas de farmacia da cidade.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra polo Partido Popular á voceira dona Elena Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Si. Lamento, e ao mesmo tempo protesto pola ausencia do concelleiro responsable de mobilidade, porque iso tamén é dende logo unha mostra clara e inequívoca da importancia que teñen os asuntos para un día que temos pleno ao mes. Novamente, novamente, volvemos traer no pleno de hoxe o problema que se encontran os cidadáns de Lugo para achegar ás súas vivendas aos provedores dos seus servizo ou dos seus produtos.

A primeira fase para resolver un problema é aceptalo, mentres que sigamos negando e facéndonos trampas ao solitario, pois seguiremos prexudicando a vida dos lucenses, que ao fin acabo é o reto fundamental de todas as nosas iniciativas.

Que neste momento hai un problema de mobilidade é absolutamente indiscutible. Supoñemos, e dicíao ben o meu compañeiro que me antecedeu no uso da palabra, supoñemos, porque non sabemos cal vai ser a maneira de xestionar o día despois que rematen as obras no centro. Pero todo o que sabemos é que, dende logo, non o vai mellorar.

Seguimos intentando ser parte da solución. Seguimos, por suposto, instando á Xunta como fixemos na iniciativa anterior.

Iso si, dunha maneira consensuada e correcta, e entendemos...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Candia, vólvolle advertir...

-**MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Vólvolle dicir que estou no meu uso da palabra. Que non lle gusta o que lle digo, ten que respectarme...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** O artigo 36 do regulamento...

-**MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Vostede retírama cando considere. Eu vou seguir defendendo...

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten que centrarse na proposición que vostede mesma plantexou. Polo tano, advírtoa de que ten que centrarse na proposición que plantexou.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ademais de roubarme 20 segundos... Insisto...

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: E seguireillos roubando.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Estame limitando.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Voulle advertir formalmente por primeira vez.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Se vostede considera que non estou cumprindo o regulamento, vostede execute as súas competencias, que é a alcaldesa. Eu estou falando de que neste momento na nosa cidade hai un enorme problema de aparcamento e enlaza directamente co asunto da proposta que vou debatir. De feito, estamos pedindo no título proposicións para que se proceda á reserva de prazas de aparcadoiro nas inmediacións das oficinas de farmacia. Cando vostede considere, cíteme a palabra. Eu seguirei facendo o discurso que considere porque estou no meu uso da palabra.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Dígolle que se centre na proposición, señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Está claro que non lle gusta o que lle digo, pero non por iso me vai calar.

A lei 30/19 de ordenación farmacéutica de Galicia no artigo 13 establece que as oficinas de farmacia son establecementos sanitarios privados de interese público, integrados na Atención Primaria.

Se repasamos o contexto da nosa cidade, vemos como unha ambulancia tivo que evacuar a unha muller que sufriu unha caída en San Marcos. O perigoso paseo polo casco histórico de Lugo.

"Ferida unha muller nunha nova caída no centro de Lugo polo deterioro de pavimento". Esa é a nosa realidade. A posibilidade de chegar con seguridade a algúns establecementos onde, como todo saben, e a saúde creo que aí estarán todos de acordo, é un dos bens máis preciado.

E cando alguén se achega a unha farmacia nun porcentaxe altísimo é para que lles pidan un medicamento que necesita para a mellora da súa saúde.

Unha xestión que se adoita facerse de maneira áxil e que se agradece enormemente chegar a un espazo de proximidade.

A propia Constitución Española protexe o dereito á protección da saúde e determina que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións dos servizos necesarios.

Esta iniciativa non vén co aval do Partido Popular, que, efectivamente, tamén, vén co aval do propio Colexio Profesional, que valorou, aceptou e analizou como unha das propostas necesarias para mellorar a calidade de vida dos nosos lucenses. Hoxe traémolo aquí, unha vez máis, unha iniciativa máis para intentar ser parte das solucións aos problemas que ten a nosa cidade. Pero, indubidablemente, para poder corrixilos o primeiro que temos que facer é aceptalos. E para poder entender o pronunciamento e as nosas iniciativas, para poder entendelas, primeiro hai que atendernos. E vemos, despois de escoitarvos, efectivamente, unha e outra vez, que non se nos ten nin en conta nin se escoita o que dicimos nin se le o que escribimos. Aínda así, como nos quedan tres maravillosos anos para seguir facendo propostas coma estas, prégolle ao pleno que valore a posibilidade, acaba de entregarme unha enmenda o Bloque Nacionalista Galego, que nos parece razonable. Se instamos ao Concello, pois, evidentemente, que sexa o Gabinete de Tráfico do Concello ou o organismo que vostedes consideren. Evidentemente, son goberno e decidirano vostedes. Pero parécenos ben, nunca pretendíamos que se adoptase esa medida en contra dun informe do Gabinete de Tráfico. Aceptámoslle a enmenda, por suposto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro Alexandre Penas, voceiro do Goberno. Un momento.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Pois, como ven, é unha enmenda bastante razonable ao punto de acordo que trae o Partido Popular aquí, por iso unha enmenda... Un punto de acordo de dous puntos, que, similar ao punto de acordo que nós propuxemos para a apertura dos parkings dos institutos, no que o Partido Popular fixo unha enmenda de cinco ou seis puntos desgranando completamente cada paso cabía quedar no caso hipotético de que a Xunta convencesse aos usuarios, que é a mesma Xunta, que lle quixesen ceder ese espazo para conseguir que o que fai o Partido Popular, señora alcaldesa, eu sei que vostedes xa o sabe, para conseguir absterse e poñer rodas no camiño na mobilidade de Lugo, que é para o que traballa activamente este grupo municipal do Partido Popular, algo que, volvo repetir, non pasaba en mandatos anteriores, pero aquí todos somos conscientes de que vostedes traballan para poñer todos os paus nas rodas que poidamos para que mellore a mobilidade en Lugo.

Ten problemas a mobilidade de Lugo? Claro, como todas as cidades. Xuntas 100.000 persoas nunha trama urbana, peonalizas para mellorar a calidade de vida da xente e hai que abordar unha serie de problemas e unha serie de traballos que facemos con enerxía, e porque é o noso deber.

Pero xa minten, xa según empezan a argumentar, porque a min... É lóxico, é lóxico que digan que aceptan a proposición, porque vostedes instaban a que nas paradas diante das farmacias se puxesen prazas para aparcar, para coller un medicamento rápido, e a min persoalmente é que me parece iso unha barbaridade. Terá que avalialo, porque en Lugo tamén argumentan que hai 48 farmacias, a maioría da xente de Lugo pode ir andando tranquilamente a comprar un medicamento, que é o lóxico.

Ou cantas prazas poñemos diante da farmacia? Que facemos coas farmacias das zonas peonís? Que pode haber casos en que iso sexa necesario? Pois aí é o sentido da nosa enmenda, que o Gabinete de Tráfico estude se é necesario nalgún caso facelo para unha mellor comodidade deses usuarios que en concreto non poden achegarse.

Pero minte no argumentario xurídico que utilizan. E a parte minten utilizando o que fai moitísimo a dereita, pois o que é o propio espírito da lei, que é positivo. Porque vostedes citan o artigo 16 da Lei de Ordenación Farmacéutica que di que as farmacias terán acceso directo libre e permanentes dende a vía pública ou dende zonas de uso colectivo á zona de dispensación e atención a persoas usuarias. E paran aí, pero sigue o artigo claro. Iso si que o cortan, ... debendo cumprir a lexislación en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

Claramente, o artigo do que está falando é que os peóns as persoas poidan acceder... Porque van enfermos, en cadeira de rodas, con normalidade, e están collendo un artigo para desvirtuar completamente a lei para meter os coches onde poidan e que a mobilidade en Lugo non funcione.

A min isto paréceme mal. Mal, non? É de pouco nivel político.

Dito isto, se aceptan a enmenda nós imos votar a favor, porque consideramos que os técnicos están para iso. Se hai casos concretos que se estuden e se é necesario que se fagan, pero despois parécenos moi demagóxico, moi pouco traballado e co obxectivo claro, como estamos vendo neste pleno, é que Lugo canto peor, mellor para o Partido Popular. Grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Ten a palabra novamente a voceira do Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Acordos coa comunidade educativa, facer as xestións coa Xunta de Galicia, chegar a acordos coa Asociación de Veciños, interpreta vostede poñer paus nas rodas á súa xestión?

Vostede ten un problema de concepto. Estamos precisamente avanzando de maneira absolutamente construtiva e nós, que puntualizamos na iniciativa anterior, precisamente, para que poida ser unha realidade canto antes mellor, daquela crítico. E agora que nós facemos unha proposta de instar ao Concello que se estude para reservar as prazas, di que ten que ser máis concreta. Tiña estes principios e se non che gusta, cambio e teño os outros.

E pola lectura e interpretación dese artigo que vostede di, entón un señor de Soñar que sexa usuario de cadeira de rodas, ten que vir na cadeira de rodas ata a farmacia do centro da cidade. Ten que vir así. Vostede o interpreta así.

A mensaxe está absolutamente clara e para resolver un problema primeiro teñen que aceptalo. E isto non é nada contra ninguén, é unha idea absolutamente consensuada cos profesionais farmacéuticos, que son máis, dende logo, unha profesión á que eu hoxe tamén aproveito para recoñecerlle o seu enorme traballo e axuda á sociedade lucense. Son moito máis alá que uns expendedores de medicamentos, e o fan para mellorar a calidade de vida dos... Non é nada contra vostede, señor Alexandre, non é nada contra o goberno. É unha proposta en

positivo para que vostedes valoren, vostedes teñen 13 votos. Hoxe 12. Pero votan dúas veces e decide a alcaldesa, como decidiu o resto.

Se lles parece unha idea interesante e se lles parece que mellora a calidade de vida da xente, perfecto. Eu moitas veces escoitándoos, ademais de facer que viven nun mundo irreal, por vostedes pecharían o Concello nos límites, obrigarlían aos que viñesen a Lugo que aparcasen en Outeiro de Rei, que aparcasen no Corgo e que viñesen andando, porque andar é saudable, di moitas veces o señor Arroxó. Eu comparto que andar é saudable, e que ten que haber unhas políticas de hábitos saudables. Pero ao mesmo tempo a cidade ten que ter servizos para que os provedores, os comercios, dentro de murallas temos un hospital, para que teñan unha mensaxe de que estamos construíndo unha cidade cómoda.

E é perfectamente compatible, perfectamente compatible con humanizar espazos, con peonalizar. É compatible con iso, pero ten que ver unha planificación, ten que ver unha previsión, ten que haber, efectivamente, un modelo de cidade.

E hoxe tocoulle ás farmacias, porque o ampara a lei, porque está feito en moitas cidades de España. E son exemplo. E cidades... Concellos pequenos... Navia! Concellos minúsculos, que buscan mandar unha mensaxe aos seus cidadáns de que están nunha cidade cómoda.

E, insisto, non lle é nada contra ningún, é unha idea.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor voceira do Partido Popular. Ten a palabra don Alexandre Penas polo goberno.

-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Xa puxeron un exemplo de mobilidade nun concello do Partido Popular, porque sabemos que non ten mobilidade. Vostede ... contra a mobilidade.

Eu non critico, eu non critico, eu digo que minten, porque están utilizando un artigo da lei que fala de peóns, que fala de accesibilidade, e que están utilizando, cortando ese artigo, para sumar o seu argumento.

E logo que a súa proposición non é lóxica. Eu fágolle unha enmenda lóxica e razoable, que lle quita unha liña.

Entón paréceme moi demagórica a súa proposta. Xa lle digo, que se aceptan a proposta, nós votamos a favor porque é o razoable. Non facemos unha cortina de fume, como fan vostedes sempre que se fala da Xunta de Galicia, como fixeron neste pleno. Porque iso si que é demagórico. Simplemente para que? Porque nós imos votar a favor.

Pero vostedes queren votar en contra. Porque vostedes queren votar en contra ou absterse de todo o que sexa ben para Lugo.

Entón está mal redactada, falta traballo nesta enmenda, minten nela e non é razoable. Entón nós simplemente o melloramos, se lle parece ben votamos a favor porque iso é o ben para Lugo. Nada máis.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo popular.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Esta de acordo, aínda que parece que intenta xustificar o contrario, parece que está de acordo, ou poderemos estar en desacordo, pero eu intento ser respectuosa co traballo dos demais. E, por suposto, e agora que é a última quenda das proposicións, ademais fago e lanzo un agradecemento a todos os concelleiros e a todos os traballadores do grupo municipal, porque, certamente, por moito que intenten desprestixialo, estamos facendo un traballo con moitísimo rigor, con exquisitez na literalidade de cada cousa. E o máis importante, moi consensuado coa cidadanía, como vén esta iniciativa. Con todo o respecto, pero sendo sempre parte da solución. E reitérolles, denlle unha volta. Esta cidade necesita máis servizos de aparcamento. Cada vez que vou a un dos provedores mo recorda, que perden clientes, que perden facturación, e que dunha maneira absolutamente insistente, e con números, reflicte que hai que mudar, hai que cambiar, rectificar é de sabios. Se queren ser e utilizar algunha das propostas que lle facemos sen acritude, coa mellor vontade, coa mellor fe e intentando arrimar o hombro, aquí estamos.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señor Candia. Volvemos entrar nas contradicións, ademais dunha maneira nerviosa. Pero volvemos entrar nas contradicións.

Non se vota a favor de que a Xunta poña a disposición dos lucenses prazas de aparcadoiro na contorna histórica. Non se vota a favor por parte do grupo popular e agora están dándonos este mitin de prazas de aparcamento.

Eu tamén lle vou recordar a cada un dos provedores que veña á zona histórica que non teñen máis prazas porque o grupo municipal do Partido Popular de Lugo non quere instar á Xunta de Galicia para que faga, para que faga...

Perdona!

O que non se vai tolerar aquí é a mala educación. A cultura pode adquirirse pagando por ela, pero a educación hai que traela da casa. Eu non lle interrompín en ningún momento. Polo tanto, espero que vostede non me interrompa.

Vostede estaba incumprindo o regulamento do pleno orgánico.

E digo que esas son as contradicións. Volve unha vez, ademais esta proposición, que é unha proposición en positivo, que estabamos todos de acordo, pero simplemente poñiamos unha enmenda dicindo que habería que mandalo aos técnicos correspondentes para que visen como se podería facer porque, coa ordenanza de mobilidade que temos agora, non está previsto...

Están previstas as prazas de carga e descarga, de discapacitados, pero non está previsto iso.

Polo tanto, o que entendín que lle dicía o concelleiro Alexandre Pena, é que hai que traballala máis, porque hai que levala a esa comisión. Teñen que mirala os técnicos para ver como se pode facer.

E nós estamos de acordo, porque o noso obxectivo é precisamente iso, que un dos obxectivos é mellorar a mobilidade en Lugo. Pero é curioso. Levamos tres proposicións falando do mesmo, pero eu tamén teño que recordar esa contradición. Fagan o que fixeron as demais administracións públicas: o Concello de Lugo e a Deputación.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8148197305761954406.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-4-2024

Insten ao goberno do señor Rueda a que abra esas instalacións para que haxa en Lugo máis aparcamentos, todo o demais é contraditorio. Non se pode entender que pidan isto se non piden aquilo. Iso si que non pode entenderse. Ademais, vostede mesma o sabe, que teñen que intervir os técnicos, fundamentalmente, dende logo, e ademais se plantexan problemas, como son que ocorre coas farmacias que están na zona peonil e a zona de baixas emisións, onde non van entrar os coches. Por iso, eu creo que o concelleiro, entendino, que creo que o entendimos todos, que non estaba ben elaborada, non estaba suficientemente estudada. E, en todo caso, pídlle que non entren nesas contradicións que volvo dicir. Moitas grazas. Imos votar.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**TESOURERÍA**

18/78 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE MARZO 2024.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de MARZO de 2024, coa numeración 23/2024 a 36/2024.

Do 01 ao 31 de MARZO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2024/T030/000024	Resolución Tesourería Mª GRACIA LUNA MENDOZA (Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo do IVTM/22)	2024/23	11/03/2024
2024/T030/000023	Recurso reposición requirimento pago hipoteca legal tácita Mosteirín Tuñas Abrahán (Lugo Romano SLU) Expedientes: 47010000053877 y 47010000053878	2024/24	11/03/2024
2024/T030/000025	Resolución Tesourería.- Contestación a solicitude de levantamento de embargo de contas Mª Belén Rodríguez Fernández	2024/25	14/03/2024
2024/T030/000026	Resolución Tesourería execución resolución TEAM López Lugilde Ángel	2024/26	14/03/2024
2024/T030/000027	Resolución Tesourería.- Contestación	2024/27	14/03/2024

	ao escrito presentado por SILVIA NOVO GAYOSO		
2024/T030/000028	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo JOSÉ FRANCISCO FERNÁNDEZ CABADO expte 2015EXP47002893	2024/28	15/03/2024
2024/T030/000029	Resolución Tesourería execución sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo n.2 de Lugo no PA 37/2023A/-A Del Pino Luque Carlos	2024/29	15/03/2024
2024/T030/000030	Resolución Tesourería.- Retroacción a voluntaria do recibo 10998563 do IGVS	2024/30	15/03/2024
2024/T030/000031	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo JOSE LUIS TORRES DURAN (Multa 2021R00000419)	2024/31	15/03/2024
2024/T030/000033	Resolución Tesourería.- Resolución recurso reposición fronte o requirimento do pago de auga MARIA CARMEN VARELA SANCHEZ	2024/32	18/03/2024
2024/T030/000032	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo JULIO JACOBO CABAN LOPEZ IVTM E Multas	2024/33	18/03/2024
2024/T030/000034	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo EDUARDO GUTIERREZ RIOS Multa 2021R00004172	2024/34	20/03/2024
2024/T030/000035	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo VICTOR DIAZ OROSA IVTM E Multa (Expte 1998EXP47000315)	2024/35	21/03/2024
2024/T030/000036	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo MARIA LUISA PEREZ GARCIA (Multa 2020A00006392)	2024/36	21/03/2024

De todo o cal a Excm. Corporación municipal quedou informada para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

19/79 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE MARZO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN S (Exp. 2024/G004/000272).- En conformidade

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8148197305761954406.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-4-2024

co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 12 de marzo de 2024, coa numeración 2155/2024 a 3262/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 166/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URGENTES PARA MELLORAR A CIRCULACIÓN POLO CENTRO E A REPARACIÓN E PREVENCIÓN DE DANOS AOS PEÓNS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No pasado mes de xullo de 2023, o Grupo Municipal do PP presentou unha proposición para revisar e, se é o caso, mellorar os proxectos de execución correspondentes á iniciativa “corazón verde entre murallas”. No pasado mes de novembro de 2023, o Grupo Municipal do PP solicitou un pleno extraordinario e presentou unha proposición para que se asumise o compromiso de cumprimento de prazos, compensación de prexuízos e coordinación das obras, así como de información pública e suficiente á cidadanía. O goberno municipal rexeitou ambas as dúas.

No pasado mes de xaneiro de 2024, o Grupo Municipal do PP presentou unha pregunta para coñecer as previsións de finalización dunhas obras que tiñan que ter rematado inicialmente o día 11 de decembro de 2023 (no caso da praza de Ferrol) e o día 23 de abril de 2024 (nos casos das rúas Montevideo e Bolaño Rivadeneira e a praza Santo Domingo e rúa Teatro). O goberno municipal non foi quen de informar da previsión no remate das obras.

A día de hoxe, a maiores da duración e prexuízos causados ao comercio e os veciños e veciñas residentes e/ou usuarios do recinto intramurallas, así como a deterioración causada naquelas outras rúas que non se atopan dentro das sometidas ás devanditas intervencións, xorde un novo e preocupante prexuízo derivado dunha deficiente actuación do goberno municipal. Este é a da dificultade para o tránsito peonil polas rúas do centro de Lugo (agravado por unha insuficiente e desorganizada sinalización das circulacións), así como o ELEVADO E CRECENTE

NÚMERO DE PERSOAS (ESPECIALMENTE DE AVANZADA IDADE) QUE ESTÁN A SUFRIR CAÍDAS DE DIFERENTE GRAVIDADE POR MOR DA DETERIORACIÓN XERAL DO CENTRO URBANO E DAS SÚAS VÍAS.

Por este preocupante motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, o seguinte **ROGO**:

A INMEDIATA ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE URXENCIA PARA MELLORAR A XESTIÓN E SINALIZACIÓN DAS CIRCULACIÓNS RODADA E PEONIL POLO CENTRO DE LUGO, ASÍ COMO DE REPARACIÓN E PREVENCIÓN DOS DANOS AOS PEÓNS POR MOR DA PREOCUPANTE DETERIORACIÓN DAS RÚAS DO CENTRO DE LUGO.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señor Cabarcos, polo grupo municipal do Partido Popular.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** En xullo de 2023 presentamos unha proposición para revisar e mellorar os proxectos da iniciativa que vostedes chamaron Corazón verde, que foi rexeitada. En novembro de 2023, o pleno extraordinario... Solicitamos un pleno extraordinario para asumir compromiso de cumprimento de prazos, compensacións de prexuízos e coordinación de obras que tamén rexeitaron.

En xaneiro de 2024 preguntamos para coñecer a previsión do remate das obras e naquel intre non nos contestaron.

O que sabemos é que o que está a ocorrer é que as obras que tiñan que ter rematado o 11 de decembro de 2023 na Praza de Ferrol aínda están en obras.

As obras que tiñan que ter rematado o 23 de abril de 2024, Montevideo e Santo Domingo, sabemos hoxe xa que dende onte que o publicaron, durarán cando menos ata setembro de 2024.

E nin sequera terán o deseño previsto, pois despois de ter que mudalo por unha resposta popular que obrigou a retificalo, agora non sabemos o que se vai facer.

Todos sabíamos xa dende un inicio, todos os que sabemos un pouco diso, que alomenos dúas cousas quedarían fortemente debilitadas pola muda simultánea de todo o pavimento do noroeste de dentro de murallas. Falo de muda simultánea de pavimento e non de peonalización.

Unha delas é o tecido comercial, que está severamente castigado, agora e nun futuro de dificultades de traballo de mobilidade, e outro é o chan da cidade, porque está desexado para un tránsito rodado para o que non está nin estará preparado.

Pero agora xa sabemos que aparece un terceiro efecto indesexable, que é a seguridade e saúde dos viandantes, especialmente das persoas maiores ou con dificultades de mobilidade.

Supoño que saberán que son posiblemente xa máis dun centenar os peóns que sufriron caídas polo deterioro das rúas de Lugo non previstas, posiblemente, nin imaxinadas, e non das estradas nacionais.

É posiblemente máis dunha cincuentena os que tenían formulado denuncia na Policía e que lexitimamente solicitan compensación polos danos sufridos.

Por este máis que obvio e preocupante motivo, o grupo municipal do PP presenta un rogo para a adopción inmediata, que sei que xa está posta en marcha dende hai pouco, de medidas de urxencia para mellorar a sinalización das circulacións rodada e peonil, así como de reparación e prevención dos danos aos peóns por mor do deterioro das rúas do centro de Lugo.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

- ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Unha vez máis, cando saben que se está a traballar sobre os temas, presentan rogos, preguntas, proposicións, e xeran novos e novos mantras.

Pero aínda así, a nova sinalización estase a colocar. Está empezando esta semana. E dígolle o de que presentan novos mantras, porque a principios de abril comunicouse á Asociación Lugo Monumental que nas próximas semanas se ían mudar estas sinalizacións.

Hai un par de semanas avanzóuselles tamén á veciñanza do centro, a través da súa representación, as intervencións que se ían realizar en cada tramo. E tamén, para que xa non o roguen, para o mes que ven, sinalar que hai outra petición do señor Paco Nieto, que fixo á alcaldesa para conservar tamén o empedrado de Santo Domingo. Así que afórrense ese rogo e sigan aproveitándose do traballo do goberno para acadar o seu rédito propio, porque estamos traballando nelo e estamos adaptándonos ás necesidades que conlevan as obras de peonalización que se están facendo no centro.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Simplemente quero, que xa se comunicou na prensa, pero quero comunicalo. Esta noite, entre as 9 e a 1 da madrugada, vanse facer por terceira vez as reparacións que son necesarias na rúa San Marcos e na rúa Nova. Estanse a facer reparacións para evitar esas caídas. Recoméndaselle aos peóns que circulen polos laterais e non polo centro, que é a parte máis estropeada, e, como non se está cumprindo iso, a xente tende a ir polo centro da rúa, imos ir pintando todas esas zonas para que saiban os peóns por onde teñen que ir exactamente e non utilicen a parte central.

Pero si que estamos moi preocupados de todo o que ocorre nestas obras. Evidentemente. En todas as obras ocorre o mesmo.

Eu, vostede non, porque non vivía en Lugo, pero eu vivía en Lugo no ano 98, 99 e 2000, cando foi a primeira peonalización. Eu vivo no centro e pasei a primeira peonalización. E sei o que foi. E foi exactamente igual. Foi exactamente igual.

Conflúen moitas cousas. No centro viven moita xente maior, é a zona de paseo. Esas cousas, por suposto, cando hai obras, hai dificultades, pero dende logo estamos traballando constantemente.

Esta é a terceira vez esta madrugada que se vai atender, precisamente, para a seguridade de todos os peóns e de toda a xente da zona centro.

Polo tanto, quero anunciálo, aínda que saíu en prensa para que estean tranquilos, porque seguimos traballando constantemente.
Como digo, é a terceira vez, e seguireémolo facéndoo mentres non acaben as obras.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 167/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPOÑA O HIDRANTE DE BOMBEIROS DA RÚA REISEÑOR.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Na rúa Reiseñor había un hidrante de bombeiros que se eliminou e que provoca que a auga drene pola beirarrúa constantemente.



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno un ROGO para que se proceda a repoñer o hidrante e se solucione o problema de filtración de auga que ocasionou a súa retirada.

DELIBERACIÓN

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, dona Flora Rubinos. Ten a palabra.

- FLORA RUBINOS ROIS: Hai meses que un vehículo danou o hidrantes de bombeiros da rúa Reiseñor. Dende esa data e ata a falta de dilixencia do goberno municipal segue sen reparar esta fuga.

Estase a permitir un desperdicio de auga, que ademáis de resultar antiecolóxico se permanece no tempo, supón unha redución da eficiencia das redes e xera unha perda económica ás arcas municipais, por non falar dunha falta de sensibilidade cos veciños que están a pasar apuros para poder afrontar o pago do subministro.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra a voceira do goberno, dona Ana Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Dende a área de transición ecolóxica do Concello tense previsto o cambio deste hidratante por unha boca de incendios, así como a substitución da chave de paso correspondente, que provocou unha moi pequena filtración de auga, según os técnicos.

O motivo da ruptura, como vostede indica, foi un sinistro de tráfico, que un camión golpeou contra ela. Mentres non actuou a compañía aseguradora non se puideron realizar máis rapidamente os trámites correspondentes.

Ademais, tamén lle digo que, aproveitando que se ten que levar a cabo esa substitución, a brigada de augas vai cambiar o hidratante por unha boca de incendios para garantir tamén ou favorecer a accesibilidade da zona.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 168/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE CUBRA O POSTO DE/DA TRABALLADOR/A SOCIAL DO CENTRO MARUJA MALLO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

El puesto de atención y coordinación de las citas que se llevaba a cabo desde el Centro Maruja Mallo sigue sin estar cubierto, lo que obliga a asumir esta función al personal de cada uno de los distintos centros sociales. Esto produce una sobrecarga de trabajo y ralentiza los procesos.

Una trabajadora social venía realizando un “triaje” de las llamadas. Un control previo y coordinación de las listas de espera y citas en función de la emergencia de cada caso particular.

Por ello, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un ruego ante este Pleno para que se cubra el puesto de esta trabajadora social y se reactiven estas funciones tan esenciales a la mayor brevedad posible.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Grupo Popular intervén o concelleiro don Gustavo Díaz.

-**GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias. Desde nuestro grupo municipal consideramos necesario reestablecer el servicio que se ofrecía desde el centro social Maruja Mallo y que coordinaba la cita previa de todos los centros sociales de Lugo. Y además que era un servicio ampliamente valorado y reconocido, realmente esencial.

Este servicio, que se vería prestando por una trabajadora social, es una demanda tanto de usuarios como de los propios trabajadores de los centros.

Un puesto que no solo optimizaba y agilizaba dichos servicios, sino que ofrecía una importante labor de asesoramiento y preparación de las citas, y contribuía a reducir el número de visitas que los usuarios tenían que realizar para resolver sus necesidades. En muchos casos hasta reducía una segunda cita de los usuarios a los respectivos centros.

Se trata de un servicio con un gran reconocimiento por parte de los trabajadores y usuarios y una demanda general.

En la actualidad, esta situación contribuye a retrasar aún más las listas de espera que sufren los usuarios de los centros sociales. Unas listas de espera que hemos solicitado en la comisión previa a este pleno y sobre la que hemos recibir unha vez máis la chamada por resposta. Les diría, en este caso a la concejala que estaba ese día en la comisión, les diría que ustedes faltan a la verdad, pero en realidad tengo que decirles de forma contundente que ustedes mienten, mienten cuando dicen que la lista de espera es de una semana y esto es un insulto a los ciudadanos.

Es más, ustedes lo saben e intentan ocultarlo. Les puedo recordar el correo recibido por los trabajadores de los centros prohibiéndoles facilitar a nuestro grupo cualquier tipo de información.

Permítame que les diga la realidad de la lista de espera de los centros sociales de esta ciudad, así podrán ustedes ponerse a trabajar para que esto se corrija, empezando por cubrir este puesto de trabajo, que incide directamente sobre el listado de esas listas.

Uxío Novoneyra, aproximadamente un mes y medio; centro de Abella, entre dos y tres semanas; Sagrado Corazón, hasta dos meses y medio; Fingoi; más de un mes y medio... Tienen ustedes la evidencia de que si hacen caso a las reivindicaciones, cuando se optimizan las plantillas, las cosas mejoran, como así sucede ya en el María Balteira, donde se cubrieron varios puestos que estaban sin cubrir hace pocos meses, plazas que son absolutamente necesarias.

Podría seguir enumerando los que faltan, pero una simple visita a los mismos les daría una visión más clara de la realidad.

Es por todo esto que ruego a este pleno la restauración de este puesto de trabajo tan necesaria.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro de Persoal, Pablo Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Como dixo antes a compañeira Ana, resulta moi sintomático que cando se produce algún movemento por parte do goberno municipal, pois aparecen proposicións, rogos e preguntas.

Curiosamente, ata a praza da que estamos a falar figura na RPT co código 4101/93/14. E, curiosamente, esa praza está convocada nunha oferta pública de emprego, nunha convocatoria que se fixo non hai moitos días.

A vacante produciuse pola promoción, nun proceso de concurso, á xefatura da sección da traballadora social que estaba a desenvolver o seu traballo alí.

Como digo, esa praza quedou vacante, debería saber que mentras non está nunha oferta pública de emprego non se pode facer a cobertura, deberían saber, senón xa llo digo.

Como agora está nunha oferta pública de emprego... Non, non torza a cabeza. É así... (Voces de fondo) ...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Por favor, respecten a orde do pleno. Contéstolle dende fóra. E estamos respectando a orden do pleno, señor Díaz.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Volvo dicir, cando se descoñece o funcionamento do servizo de persoal e dos mecanismos legais que están establecidos, pois pasan estas cousas.

Como agora a praza está convocada nunha oferta pública de emprego, vaise proceder á cobertura temporal, en tanto non se finalice o proceso e se cubran regulamentariamente.

Ata agora esa praza xa figuraba como unha vacante, como outras moitas que están... Algunhas que están na RPT, que non se poden cubrir mentren non estean nunha oferta pública de emprego.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 172/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICEN OS PERMISOS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS PARA REALIZAR OBRAS NAS PARROQUIAS.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Diversas parroquias do municipio teñen pendente que o Concello de Lugo resolva os expedientes para reparacións en lavadoiros, muros, igrexas.... e para instalación de servizos como poden ser os parques infantís. Estas obras financiadas pola Xunta de Galicia, a petición das asociacións veciñais, precisan de autorización municipal para poder ser executadas. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un ROGO para que se proceda a axilizar estes permisos de xeito que os veciños poidan levar a cabo estas obras e desfrutar das dotacións afectadas coa maior brevidade.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra á señora Rubinos polo grupo popular.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** A lentitude nas autorizacións de obra é un problema grave que afecta á capacidade de desenvolvemento dos diferentes núcleos rurais e que condiciona a vida dos seus residentes.

O equipo de goberno ten a responsabilidade de axilizar estes proxectos, xa que a burocracia e o obstáculo destas impide aos vecinos desfrutar das dotacións das súas parroquias e conleva a que o paso do tempo contribúa ao deterioro dos diferentes locais sociais e dos elementos culturais e etnográficos significativos de cada unha das parroquias.

Actualmente, os veciños da zona rural teñen presentadas comunicacións previas para levar a cabo diversas obras, para acondicionar os locais sociais, de forma que poidan ser empregados pola veciñanza, con todas as garantías e seguridade. A

creación de parques infantís, que permitirán aos nenos das parroquias desfrutar do seu tempo de lecer agora que chega o bo tempo. Ou a recuperación de elementos etnográficos ou culturais como lavadoiros, fontes ou igrexas.

Nós somos veciños do rural e necesitamos os servizo, sobre todo os de primeira necesidade.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra a concelleira Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Imos empezar polo principio, alá por campaña municipal apareceu unha cartelería de dubidosa procedencia da Xunta de Galicia, onde non se indica nin o proxecto nin o departamento responsable, nin a orde, nin as bases que contemplan as axudas ás que vostede fai mención.

Só aparece un cartel azul con Xunta de Galicia e unhas cantidades, que ademais ata nin son iguais. Non sei que criterios se determinaron para darlle a cada parroquia unha cantidade ou outras, con moitísima diferenza algunha delas.

En segundo lugar, e que me parece tamén grave, é que se comprometa ás asociacións de veciños e persoas particulares a solicitar permisos nunhas propiedades municipais, asumindo as taxas e as responsabilidades que conlevan esas obras.

Recórdolle que os locais sociais que vostede menciona son propiedade municipal e os lavadoiros son propiedade municipal, que están requiridos por patrimonio.

Ademais, tamén obras en distintas entidades relixiosas, que son propiedade pois supoño que do bispado ou doutras entidades relixiosas.

Asumindo estas responsabilidades, os veciños solicitan en propiedades que non lles son propias, polo que o Concello de Lugo vese obrigado a, primeiro, ver que tipo de proxecto é, porque ao mellor aparecen os locais sociais pintados de tópicos. Ou azúis todos, ou con gaivotas.

É que non hai proxecto adxudicado. Adxudícanse as obras á empresa, a unha concretamente, sen pasar pola licitación correspondente administrativa. Quen a contrata, por que se falan con esas empresas, por que, como dicía a señora Candia con rigor e exquisitez se traballa desde a Xunta de Galicia de todos os concelleiros? Se o chegamos a facer dende o goberno municipal, non sei que nos dirían.

O Concello como titular vese obrigado, como lles dicía, a comprobar toda esta documentación e a viabilidade das obras, porque este venres van celebrar que fixeron unhas aceras ao redor dun local social en propiedade privada.

Se algún día ese propietario non quere esas aceras que imos facer? Tamén dicirlle aos veciños que lle pidan que as quiten.

E outras cousas moi graves. Hai unha balanza ou unha báscula que se puxo nun terreo privado para uso e desfrute dunha empresa privada en particular.

Eu esa exquisitez e ese rigor non o vexo por ningún lado.

E aínda así dicirlle que todo está sendo comprobado polos servizos correspondentes...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora [Non se escoita] ... Que a xente que ademais está aquí o entenda. Eu teño a miña casa e de repente encontro un cartel diante que pon Xunta de Galicia ou por un Periquito Pérez, que vai intervir na miña casa, na miña casa.

Non me pediu permiso, non fixo un convenio comigo. Non sei que lle parecería, aínda que mo pague.

Home, se fala comigo. É dicir, conveníamos. Teño este diñeiro, facemos un convenio, vaino facer este departamento, vaise licitar. A ver, ou somos tontos ou claro que imos admitilo.

Veñan vostedes, facemos un convenio coa Xunta de Galicia, teñen vostedes diñeiro, que teñen moito máis ca nós. Arranxen esas escolas, eses lavadoiros... Nós estaríamos encantados, pero non foi así.

De repente apareceu, como dicía a concelleira, un cartel: Xunta de Galicia.

Nin poñía que departamento era, nin poñía a licitación. Non poñía nada. Unha cantidade e un cartel, polo tanto, eu preguntome. Quen fixo iso? Habería que investigalo. Quen paga iso? Habería que investigalo.

Porque se chamas á Xunta de Galicia, porque eu nese momento era concelleira, empezaron a aparecer solicitudes para intervir na propiedade municipal por outra administración, teoricamente por outra administración, porque poñía Xunta de Galicia. Chamei á Xunta de Galicia e dixeron: "Nós non sabemos nada". Iso foi a resposta que tiven, como concelleira de Urbanismo. Nós diso non sabemos nada, pero dicía: "Aí puxeron un cartel que pon Xunta de Galicia, pero non pon nin o departamento nin cando se licitou nin cando se fixo...

É dicir, estaban entrando na nosa casa como auténticos okupas.

Pero se nós estaríamos encantados de que me chamase a Xunta de Galicia. Mire, alcaldesa, neste momento ou naquel momento concelleira. Mire, concelleira, hai esta cantidade, podemos facer un convenio e arranxamos todo isto. E nós faríamolo encantados da vida, pero pode alguén crer que se pode deixar entrar na súa casa a outro sen permiso algún para pintarlle a casa, por exemplo.

Home, se me deixa elixir o ton e podo falar con eles e mo pagan, ao mellor ábrolles a casa. Pero é que esa non é unha forma de actuar e como dixeron, e quero que quede constancia, porque o fixen, chamei á Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia non sabía nada. Nada. E non hai máis que ver como se publican no Boletín Oficial da Provincia os convenios cos distintos concellos para facer eses arranxos.

Aquí non chamou ninguén. A min non me chamou ninguén.

Polo tanto, o primeiro que quería dicir aos veciños, ás asociacións, a concelleira xa está facendo como un protocolo, nós estamos encantados de que a Xunta de Galicia faga convenios con nós e nos axude nesas cousas. Ademais polo ben dos veciños, estamos encantados. Pero que se poñan en contacto cos donos, ou polo menos comigo, que son a representante de toda a cidadanía e de todos os locais e infraestruturas de propiedade deste concello. Só pido iso, que se poñan en contacto comigo. E dende logo, se me ofrecen para arreglar, vanse arranxar.

Estaría encantada, pero me gustaría saber quen fixo iso, porque ningún departamento se fixo cargo. Gústame saber quen o fixo. E tamén, como dicía a

concelleira, cal foi o criterio para darlle a unhas parroquias máis ca a outras. Tamén me gustaría sabelo.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 169/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA CORRESPONDENTE Á IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓN, DENTRO DO PROXECTO “CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS”.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No pasado mes de xullo de 2023, o Grupo Municipal do PP presentou unha proposición para revisar e, se é o caso, mellorar os proxectos de execución correspondentes á iniciativa “Corazón verde entre murallas”. No pasado mes de novembro de 2023, o Grupo Municipal do PP solicitou un pleno extraordinario e presentou unha proposición para que se asumise compromiso de cumprimento de prazos, compensación de prexuízos e coordinación das obras, así como de información pública e suficiente á cidadanía. O goberno municipal rexeitou ambas as dúas.

A día de hoxe, a veciñanza de Lugo, e moi especialmente a que accede con frecuencia ao recinto intramurallas por ser residente, traballador, comerciante, industrial, proveedor de materiais ou servizos, membro dos corpos de seguridade ou emerxencias etc. ou simple paseante, non coñece cal é a idea do goberno municipal acerca da xestión da futura mobilidade na contorna e no interior do centro histórico, impedindo a súa organización para un novo escenario na mesma.

Sendo sabedores de que, dentro da contratación das obras correspondentes ao proxecto coñecido como “Corazón verde entre murallas”, que se encadra dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, existiu unha dotación económica para contratar a redacción do proxecto e dirección de obra correspondente á implantación e posta en marcha da ZBE por un importe inicial de 498.326,40 € (374.400,00 provenientes dos fondos Next Generation), o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte **PREGUNTA:**

O CONTIDO DO PROXECTO XA ENTREGADO, E O XEITO DE ACCESO A EL
MODIFICACIÓNS NESTE DERIVADAS DAS OCORRIDAS NAS OBRAS
PAZOS PREVISTOS DE IMPLANTACIÓN
MODIFICACIÓN NESTES DERIVADOS DOS OCORRIDOS NAS OBRAS
PAZOS PREVISTOS PARA A INFORMACIÓN Á VECIÑANZA DE LUGO E, EN
ESPECIAL AOS SECTORES MÁIS AFECTADOS POLAS POSIBLES
MODIFICACIÓNS NA MOBILIDADE INTERIOR.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, ten a palabra o señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Neste caso imos seguir falando disto que insisten en chamar peonalización do centro que non é tal, é unha muda de pavimento, porque unha peonalización é unha xestión da mobilidade, pero tan custosa, que hai un momento se asustaban cos millóns que podían supoñer un aparcamento en altura que suporá un desembolso para o Concello de máis de 6 millóns de euros, tranquilamente unha hipoteca para a renovación das rúas de moito tempo, como pode estar sucedendo xa en Quiroga Ballesteros, porque o tráfico rodado que vai ter que pasar por onde están colocando unha pedra de granito, non vai permitir que sexa un pavimento de grande duración ou de longa duración.

Pero en todo caso o que estamos a preguntar agora é por unha cuestión moi importante que é como vai quedar todo isto despois desta muda masiva de pavimento. Preguntamos por un contrato de adxudicación á empresa co concepto de estudo da mobilidade dunha futura [...], a empresa Desarrollo, organización y movilidad, S.A., asinado o 18 de outubro de 2022, cun prazo de execución de seis meses. Logo, xa moi fóra de prazo, que debería estar entregado xa hai máis dun ano e que tiña un importe adxudicación de 47.795 euros, IVE incluído.

Parece ser que esta contratación incluía o borrador de dúas ordenanzas para xestionar o tráfico interno e que o persoal residente e a xente que ten que prestar servizos no centro, descoñece absolutamente que non pode axustar as súas necesidades e a súa vida ao que vai acontecer despois de todo isto.

Entón, o que queremos saber é o contido dese proxecto cando se vai anunciar, que suporá para o centro de Lugo toda esta novidade.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra a concelleira Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Contestando ás preguntas que se remitiron ao pleno e como xa se informou tamén na comisión do mes de marzo, cando finalice a súa peonalización integral, así como os cambios que poida haber, daráselle conta dende os distintos servizo que seguen traballando para ter rematado ese proxecto cos prazos previstos e sexan definitivos, daranse a coñecer todos os traballos que se levarán a cabo. De momento non se pode dicir máis porque as obras aínda continúan.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 170/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO 110 ANIVERSARIO DO DESCUBRIMENTO DO CONXUNTO TARDORROMANO DE SANTALLA DE BÓVEDA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:



Santalla de Bóveda é un dos lugares máxicos de Lugo e único en toda Europa. Trátase dun edificio tardorromano sen tipoloxía específica e de planta rectangular.

O conxunto tardorromano de Santalla de Bóveda, que data do século III, foi descuberto en 1914 por José María Peinado, entón párroco da localidade.

Este ano celébrase o 110 aniversario do descubrimento. Ten o Concello algún acto preparado? Ten algunha programación en marcha para potenciar a súa visita?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois ten a palabra o señor Gallego ten a palabra, polo Partido Popular. .

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Grazas, señora presidenta. Santa Eulalia de Bóveda é un deses lugares máxicos de Lugo. É o único en toda Europa. Trátase dun edificio tardorromano sen tipoloxía específica e de forma rectangular. O conxunto tardorromano de Santa Eulalia de Bóveda, que data do século III, foi descuberto en 1914 por don José María Peinado, entón párroco da localidade. Este ano celébrase o 110º aniversario do seu descubrimento. A pregunta é: ten o Concello algún acto preparado? Ou ten algunha programación en marcha para potenciar a visita? Grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, don Agustín Gallego. Ten a palabra agora a concelleira de Cultura, dona Maite Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** A verdade é que vou preocupada eu hoxe, eh. Vou preocupada porque vexo que o Partido Popular ten unha confusión. Aí non sabe se é o Partido Popular, se é a Xunta de Galicia. Porque non teñen moi claro de quen son os edificios que hai no noso Concello.

Parece que querían okupar locais sociais... E resulta que agora queren que nos metamos nun conxunto histórico que, efectivamente, é moi importante, que non é do Concello, que é da Xunta.

Eu creo que teñen que analizar a ver se saben o que é seu e o que é do Concello, non? Porque é certo, é un conxunto histórico artístico, un lugar máxico, pero tamén non suficientemente promocionado baixo o meu punto de vista, porque é importante xunto con outros centos de elementos patrimoniais que hai espallados por todo o concello, pero tamén polas distintas comarcas da provincia. E dixen, insisto, que insuficientemente promocionado baixo o noso punto de vista, porque na páxina web de Turismo da Xunta, na páxina web de Turismo da Xunta aquí en Lugo case non o mencionan.

E ademais teñen un horario que para podelo visitar é bastante complicado, porque soamente está aberto de 10 a 15 horas os días da semana, excepto domingos e luns que está pechado.

Supoño que vostede xa son coñecedores desa situación, aínda que entendo que como teñen esas dúbidas de quen é titularidade dos edificios pois igual non o teñen moi claro, pero ese edificio é responsabilidade da Xunta. Ese elemento é responsabilidade da Xunta.

Eu estou segura que xa teñen pensadas esas actividades, que estaría moi ben que se organizase por parte da Xunta para promocionar e dar a coñecer ese elemento tan máxico, como vostede mesmo di, e neste ano que se celebra o 110º aniversario do seu descubrimento.

Así que eu estou segura de que en canto a Xunta comente e anuncie esas actividades que como titular dese ben e patrimonial pois o anuncien e seguro que son acaídas, seguro que axudan a darlle ese valor e tamén esa proporción dese lugar que merece, pois o Concello de Lugo, desde logo que todas as lucenses e os lucenses apoiaremos e aí estaremos sumándonos a esas actividades, que eu entendo que ten que organizar o titular, a administración titular dese elemento máxico, como é a Xunta de Galicia.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 171/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS PARA A CREACIÓN DO “PANTEÓN DE LUCENSES ILUSTRES” DENDE O MAUSOLEO DURÁN.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A doazón do Mausoleo Durán: Un Legado para a Memoria de Lugo

No mes de marzo do ano 12, a cidade de Lugo foi testemuña dun acto de xenerosidade e preservación do patrimonio histórico inédito.

A familia de Armando Durán, distinguido catedrático de óptica da Universidade Complutense de Madrid, tomou a decisión de cederlle gratuitamente un mausoleo do século XIX ao Concello de Lugo, nobre xestión levada a cabo pola filla do doador, Rosario Durán Escribano.

O mausoleo en cuestión, que antes estivera situado no Cemiterio de Magoi, é un exemplo de arquitectura neogótica, levantado no 1863.

A proposta de convertelo no "Panteón de Lucenses Ilustres", ofrece unha oportunidade única para honrar a memoria de destacados personaxes da cidade, como Uxío Novoneyra, Xoán Montes ou Ánxel Fole, entre outros.

A creación do "Panteón de Lucenses Ilustres" non só constituiría unha homenaxe a aqueles que deixaron unha pegada imborrable na historia e na cultura de Lugo, senón que serviría tamén de espazo de encontro para os lucenses, onde estean presentes as xeracións futuras, podendo conectarse co seu pasado e inspirarse nas contribucións dos que os precederon.

É fundamental que os lucenses recoñezamos o valor deste legado e nos comprometamos a preservalo e promovelos para as xeracións vindeiras.

En resumo, a doazón do mausoleo de Durán e a proposta do "Panteón de Lucenses Ilustres" marcan un importante capítulo da historia de Lugo, unindo pasado e presente no esforzo de preservar a memoria e a identidade da cidade.



ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8148197305761954406.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-4-2024



Dende o Partido Popular queremos saber:

1. Que actuacións levou a cabo o Concello de Lugo dende o ano 12 para avanzar na creación do “Panteón de Lucenses Ilustres” dende o mausoleo de Durán?
2. Hai plans presentes para retomar ou revitalizar o proxecto?
3. Que pasos se deron? Que obstáculos se atoparon no proceso?, e no caso de que se atoparan obstáculos, ¿como pensan superalos para cumprir esta promesa?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois ten a palabra don Agustín Gallego polo Partido Popular.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Grazas, señora presidenta. A doazón do mausoleo Durán é un legado para a memoria de Lugo. No mes de marzo do ano 12, a cidade de Lugo foi testemuña dun acto de xenerosidade e preservación do patrimonio histórico. Foi algo inédito.

A familia Armando Durán, distinguido catedrático de Óptica da Universidade Complutense de Madrid, tomou a decisión de ceder gratuitamente un mausoleo do século XIX ao Concello de Lugo, nobre xestión levada a cabo pola filla do seu doador, Rosario Durán Escribano.

O mausoleo en cuestión, que antes estivera situado no cemiterio de Magoi é un exemplo de arquitectura neogótica levantado no 1863.

A proposta de convertelo no Panteón de Lucenses Ilustres ofrece unha oportunidade única para honrar a memoria de destacados persoaxes da cidade, como Uxío Novoneyra, Xoán Montes, Ánxel Fole, entre outros.

A creación do Panteón de Lucenses Ilustres non só constituiría unha homenaxe a aqueles que deixaron unha pegada imborrable na historia e na cultura de Lugo, senón que serviría tamén dun espazo de encontros para os lucenses, onde estean presentes as futuras xeracións, podendo conectarse co seu pasado e inspirarse nas construcións dos que os precederon. É fundamental que os lucenses recoñezamos o valor deste legado e nos comprometamos a preservalo e promocialo para as xeracións vindeiras.

En resumo, a doazón do mausoleo Durán e unha proposta do Panteón dos Lucenses Ilustres marcan un importante capítulo da historia de Lugo, unindo pasado e presente no esforzo de preservar memoria e identidade da cidade. E dende o Partido Popular queremos saber.

Que actuacións levou a cabo o Concello dende o ano 2012 para avanzar na creación do Panteón de Lucenses Ilustres dende o mausoleo de Durán?

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Gallego... polo tanto doulle a palabra á concelleira dona Cristina López, que lle vai contestar.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi bo día a todos e a todas e benvida, Ángeles.

Nada, que dicir. Está claro que o Partido Popular non sabe o que se fai no cemiterio municipal de Lugo. Que veña con esta pregunta, pois a verdade é que xa se ve o que coñece, o que sabe e o que participa na vida activa, pois neste caso do cemiterio municipal de Lugo.

A verdade é que, seguindo na liña de que algún traballo, dun traballo, sinceramente con moi pouquiño rigor. E solicitar e pedir aquí neste pleno que se enterre neste panteón que vostedes chaman ilustres ao señor Uxío Novoneyra.

A verdade é que debían de ter un pouquiño máis de información con respecto a este ilustre. E parece mentira porque teñen dentro da súa bancada a un familiar do mesmo. Se se informasen un pouquiño máis, saberían que o que o señor Uxío Novoneyra quería era retornar e volver á súa aldea de Parada, alá na serra do Courel. E así o fixo a súa familia, respectando o que el quería, así o 14 de xaneiro do ano 2022, Uxío Novoneyra, que nos seus versos nos dicía *"Fixo ese camiño de volta"* (que era o que el quería), *de volta fixo ese camiño*, e na súa propia poesía quería volver a retornar á súa terra, á súa terra de Parada, e así o fixo.

Pero, claro, como vostedes son pouco rigorosos nas exposicións, nas peticións e nas preguntas que fan, así nos encontramos con estes.

Ese señor non quería ser enterrado no cemiterio de San Froilán. Estivo alí dende o ano 1999 e a súa familia no ano 2022 cumpriu co seu desexo.

As actividades que facemos, non soamente coa construción, senón que facemos actividades a diario, ao longo do ano e ao longo de todos os anos, recordando e homenaxeando, na que están convidados todos vostedes, e está claro que non veñen, porque senón sabían cómo se homenaxean a todos os ilustres da nosa

cidade, e ao mesmo tempo non soamente a eses ilustres, senón a todas aquelas persoas que deixaron unha pegada na nosa cidade.

Ao mellor non son tan ilustres porque non son escritores nin son arquitectos, pero si deixaron unha profunda pegada na nosa cidade. Pero, claro, se se adicasen a ver as actividades e toda a programación que se fai no cemiterio de San Froilán para honrar a todas esa xente, pois non estaríamos coa pregunta que temos no día de hoxe.

E con respecto a este legado que nos deixou esta familia Durán, que é o panteón de Ventosinos, trabállase arreo no seu mantemento. E así no ano 2015, previa presentación por parte do Concello, foi galardoado como o mellor monumento funerario de toda España.

Así que, por favor, entérense un pouquiño máis e participen máis nas actividades que levamos a cabo no cemiterio para homenaxear a todos aqueles ilustres. E respecten, respecten, a aquelas persoas que non queren ser enterradas nin en panteón nin no cemiterio de San Froilán, senón que queren retornar ás súas orixes e á súa casa, como é o caso de Uxío Novoneira. Así que, por favor, máis rigorosidade e máis respecto.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 173/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ADAPTACIÓN DOS HORARIOS DE RECOLLIDA DE LIXO NO CENTRO HISTÓRICO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Concello de Lugo dispón dun servizo de recollida de lixo no centro histórico polo que os colectores de lixo se sitúan nas rúas durante un período de tempo e despois son retirados.

A estes colectores teñen acceso non só os veciños, senón que tamén o fan os comerciantes e hostaleiros. Algunhas demandas que nos trasladan os usuarios destes é que a localización destes colectores moitas veces entorpece o tránsito normal das vías e, por outra banda, que o horario non está adaptado á actividade comercial e hostaleira xa que en algunhas vías cando se instalan os colectores é despois da hora de peche comercial, e cando os retiran aínda non finalizou o horario dos locais de hostalería, o que lles obriga a sacar o lixo cando aínda teñen os clientes nos establecementos.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

Está prevista algunha adaptación sobre os horarios actuais deste servizo?

DELIBERACIÓN

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra a voeira do grupo popular, dona Elena Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas novamente. Todos sabemos que o Concello dispón dun servizo de recollida de lixo no casco histórico, que coloca certos colectores en determinadas rúas durante un período tempo e logo os retira. Máis alá do estado no que se atopan algúns deses colectores, máis alá da ubicación, que moitas veces ademais nos trasladaron que non é axeitada, porque entorpece, hai, si, un relativo malestar coa xestión dos horarios. É certo que se poden encaixar para todo o comercio polo horario que se colocan, pero si que por parte do horario que ten a hostelería, pois non lles resultan axeitados. De feito, vense obrigados a retirar todo o lixo polo medio dos seus clientes, porque teñen que depositalo fóra antes do horario de peche. Iso, que me consta que se trasladou ao Concello, ou que así polo menos se nos fixo chegar, que eu, incluso persoalmente puiden comprobar como un hosteleiro tiña pedirlle aos seus clientes que se apartasen para poder sacar o lixo, coa mensaxe que estás trasladando ao cliente, parece que os estás votando fóra, porque parece que o cliente vai pechar. Pois preguntamos neste pleno se é posible adaptar eses horarios e se teñen previsto algún cambio para que a hostelería poida ter un horario de retirada do lixo despois de peche ou inmediatamente no peche e non verse obrigados a sacalo antes do peche do seu servizo.

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra dona Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Dende a área de Transición Ecolóxica mantéñense reunións e contactos continuos coa zona. Das últimas que se trataron, adoptouse o horario de colocación destes colectores a petición dos propios comerciantes e da hostelería, e tratando tamén de concilialo co interese da veciñanza.

A empresa concesionaria, que é EcoLugo actualmente, e tratando de consensuar con todas as persoas afectadas, fixo unha sectorización do espazo co obxectivo de deseñar a programación, de forma que os usos predominantes das distintas zonas sexan tidos en consideración á hora de colocar os distintos puntos de recollida temporais.

No caso das rúas de maior presenza comercial, adiantouse media hora ao inicio da instalación dos colectores para que esta franxa permitise que cando cerren os comercios contén cos colectores prestando servizo.

Esta medida, ademais, permitiu minimizar eses residuos que podían acabar na rúa, embalaxes e restos de cartón na vía pública.

O obxectivo en definitiva é seguir mantendo ese contacto e ir adaptando e compatibilizando as particularidades de cada sector, porque cada sector ten os seus horarios e coa actividade comercial e as necesidades de veciñanza, entendemos que no próximo contacto, se hai algún... Porque non se trasladou ningunha inqueda, se hai algunha inqueda, pois volverán restablecer o que considere oportuno. A veciñanza, a hostelería, comerciantes e a empresa neste caso concesionaria.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois moitas grazas.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO LUPUS.- O Excmo. Concello Pleno, con motivo da conmemoración do día internacional do lupus, formula a seguinte DECLARACIÓN INTERNACIONAL:

“O lupus é unha enfermidade autoinmune crónica que afecta a 5 millóns de persoas en todo o mundo e a súa prevalencia ascende a 210 casos por cada 100.000 habitantes en España. Pese a estas elevadas cifras, preto do 60% dos españois non saben en qué consiste o lupus ou tan só coñecen o nome da enfermidade, o que a converte nunha enfermidade invisible para a poboación en xeral, menos para quen a padece, especialmente mulleres, xa que representan o 90% dos casos de lupus desenvolvendo a enfermidade entre os 15 e os 55 anos.

De entre os distintos tipos, o lupus eritematoso sistémico (LES) representa aproximadamente o 70% de todos os casos e a metade deles ve afectado un órgano ou tecido importante no corpo, como o corazón, os pulmóns, os riles ou o cerebro. Aínda non existe cura nin tratamento efectivo para previr o dano orgánico a longo prazo que provoca o lupus. Unha enfermidade impredecible que, de non tratarse, pode aumentar a discapacidade e incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.

Considerando que o lupus é un problema de saúde global que afecta a millóns de persoas, a Federación Española de Lupus (FELUPUS) une ás forzas representando ás persoas con Lupus e ás 22 asociacións repartidas por todo o territorio nacional para dar a coñecer esta enfermidade, o seu impacto altamente discapacitante e promover unha maior investigación e acceso á innovación.

Co motivo do Día Mundial do Lupus, baixo o lema "Non deixes co lupus gañe: rebélate ó lupus", FELUPUS busca alentar ós pacientes que non deben rendirse fronte ó lupus e insta ás Administracións a actuar xuntos, manifestando o seu recoñecemento e apoio ás persoas que conviven con esta enfermidade, e declarando o seu compromiso para contribuír a dar resposta ás necesidades non cubertas en España.

Podemos mellorar o manexo temperán do lupus se logramos dar resposta ós seguintes retos:

RETO 1: Promover un Sistema de Saúde público e de calidade que garanta a equidade e uniformidade durante os procesos de diagnóstico, tratamento e seguimento da enfermidade, favorecendo así unha abordaxe multidisciplinar, coordinada e integral do Lupus.

a) Promover unha maior formación dos médicos de Atención Primaria para a detección precoz do lupus, polo seu rol clave na sospeita e detección de signos e síntomas asociados a esta enfermidade autoinmune crónica que permita garantir unha correcta derivación.

b) Dispoñer de maiores recursos para realizar unha avaliación global e integrada do paciente con lupus, asegurando unha correcta coordinación entre os distintos especialistas que poden intervir na abordaxe da enfermidade que permita prestar unha atención orgánica global e, a súa vez, apoio psicosocial especializado ós pacientes con lupus, independentemente do seu lugar de residencia.

c) Impulsar novos avances nos métodos diagnósticos para unha abordaxe temperá do lupus, a fin de reducir o actual retraso no diagnóstico, de 4 anos de media que pode provocar un dano orgánico irreversible.

d) Considerar os pacientes de Lupus no marco do Plan de Humanización da Asistencia Sanitaria para avanzar cara unha atención, acompañamento e tratamento de forma máis personalizada e individualizada, acorde ás necesidades dos pacientes con lupus.

RETO 2: Impulsar a innovación e a investigación, promovendo o intercambio de coñecemento científico e o impulso de novos avances no descubrimento de tratamentos.

a) Aumentar os fondos tanto públicos como privados para a investigación do lupus, dado que os fondos destinados ós esforzos na investigación médica sobre o lupus, ó descubrimento dunha cura e de tratamentos máis eficaces para os pacientes de lupus son sensiblemente inferiores ós adicados a outras enfermidades de similar magnitude e gravidade.

RETO 3: Garantir o acceso en equidade ós tratamentos e novas terapias.

a) Garantir un maior acceso en equidade a novas terapias, sendo esencial un maior esforzo por parte das administracións para axilizar e asegurar cos tratamentos existentes e que supoñen un menor impacto de efectos adversos e de maior eficacia para o LES están dispoñibles conforme a criterios clínicos e ás novas guías de práctica clínica. Sen estar condicionado polo lugar de residencia ou hospital asignado ou custo económico.

b) Promover o financiamento público dos fotoprotectores solares. Os rayos UV considéranse un axente desencadeante de brote da enfermidade. Polo que as persoas con lupus deben utilizar fotoprotector solar entre 15 e 30 minutos antes da exposición, e reaplicar cada dúas horas todos os días do ano. As asociacións de pacientes reivindican cos fotoprotectores sexan considerados, ó igual que no informe médico aparece, como tratamento da enfermidade, así sexa ante a administración e, por tanto, a subvención do seu custo.

RETO 4: Recoñecer adecuadamente o dano orgánico acumulado do lupus e o seu impacto no benestar físico, mental e ocupacional dos pacientes.

a) Garantir unha correcta revisión de valoración en discapacidade e formación especializada a todo o persoal valorador acorde ós criterios obxetivos do novo baremo. É necesario que se recoñeza o dano orgánico acumulado que inclúe o esgotamento e a dor diaria, e que os tribunais valoren adecuadamente o conxunto de limitacións, concedendo os grados de discapacidade cos pacientes merecen para asegurar unha protección fronte ó mundo laboral, sin ter que acudir ós tribunais de xustiza a solicitar o amparo negado polas administracións sociais.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

- Expresa o apoio e recoñecemento cara as persoas con lupus, as súas familias e ás asociacións de pacientes que diariamente traballan para a creación dunha clara conciencia social da enfermidade, dirixindo as súas actuacións cara o diagnóstico precoz e o tratamento dende o enfoque terapéutico e multidisciplinar.

- Comprométese a levar a cabo as accións pertinentes e destinar os recursos dos que se poida dispoñer para dar resposta a estes retos e paliar a situación de

especial vulnerabilidade, así como garantir, con equidade, os dereitos das persoas con lupus e ás súas familias. Sendo plenamente conscientes de que para unha enfermidade crónica para a que non existe cura, como esta e moitas outras, a investigación e o acceso á innovación é vital."

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e doce minutos do expresado día vinte e cinco de abril de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.